Innovadores que apoian os innovadores

A Deputación de Lugo crea un punto de atención ao emprendemento

Industria 4.0

Todo o que precisamos saber da axenda galega de transformación

codigocero.com

Código cero

Nº 194

TALENTIA SUMMIT 19

Santiago, capital mundial do talento

"A dixitalización permítenos medrar sen ter que cambiar de sede empresarial"

Carlos López, presidente da Comisión Dixitalización da Cámara de España

Iuristicgal19

O CPETIG organiza unha nova entrega da súa xa histórica xornada

O MAIOR CUME DO TALENTO
TALENTIA
SUMMIT´19
Retando os límites do talento
#emprego
#formación
#mentorías
#certificacións
#tecnoloxía
SANTIAGO DE COMPOSTELA
21 out 19
Foro de conferencias estratéxicas
Auditorio de Galicia
22-23 out 19
Feira e actividades
para potenciar o emprego
Palacio de Congresos e Exposicións
CONCELLO DE SANTIAGO
talentiasummit.com

Sumario
nº 194

Equipo

DIRECTOR:
Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Óscar Louzán
foro@codigocero.com

PUBLICIDADE:
Luisa Fernanda Torres
Tel. 608 240 160
publicidade@codigocero.com

EDITA:
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:
Gráficas Garabal, S.L.

Número 194
(setembro - outubro 2019)
Publicación periódica.

Prezo: 2 €

Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital)**:** 1579 -7554

18 anos informando

cando leas a revista, compártea....
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios conseguiremos

REPORTAXES

4 Todo o que precisamos saber sobre a Axenda Industria 4.0, a folla de ruta da nosa transformación

6 Agresión Off: repasamos a andaina da campaña anti-violencia machista polos nosos festivais

8 R achega tecnoloxía de última xeración para o gran chimpo internacional de JEALSA

9 O CITIC co-organiza o 17 de outubro o Machine Workshop Learning Galicia

10 Entrevistamos a Carlos López, presidente da Comisión de Dixitalización da Cámara de España

11 GAIN impulsa a segunda convocatoria da aceleradora aeroespacial BFAero

12 A Deputación de Lugo crea un punto de apoio ao emprendemento

13 O foro Cibersec@Gal porá Galicia no epicentro do debate arredor da ciberseguridade

14 Santiago acollerá unha macro-feira de emprego e innovación, Talentia Summit

16 En 2020 comezará a súa actividade o Centro Gaiás-Tech na Cidade da Cultura

14-15 Talentia Summit (Santiago) porá o foco nas nosas capacidades para innovar e facer voar as empresas

17 O Foro Autonómico TIC de Gartner celebra a súa primeira edición en Galicia

18 Henrique Neira lévanos ao intre en que se inaugurou o primeiro caixeiro en Galicia

19 O CPETIG organiza este mes de outubro a súa histórica xornada luristicgal19

20 CESGA e CiTIUS renovan a súa colaboración para achegar recursos 4.0 a FINSA

21 O CPEIG fai un chamamento a tirar proveito racional e efectivo da tecnoloxía 5G

22 Achegamos unha nova ración de innovación galega con múltiples ingredientes nosos

NOVAS

24 Resumo da actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra

XOGOS

26 Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas

TREBELLOS

28 Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

Axenda Industria 4.0

Economía achéganos a todo o que precisamos saber sobre a folla de ruta da gran transformación produtiva galega

Nunhas xornadas recentes sobre dixitalización celebradas en Santiago ante unha manchea de pemes, acompañouse o variado programa de actividades cun lema que as abranguía a todas, malia súa diferente natureza: "Transformación tecnolóxica empresarial, agora ou nunca". Isto puña de manifesto dúas cousas: que xa case ninguén dubida da necesidade de asumir novas formas de producir e xestionar (máis intelixentes, rendíbeis, eficientes, competitivas e automatizadas) e, ademais, é xeral o convecemento de que hai que poñerse mans á obra para impulsar o proceso e facelo extensíbel a todo o sistema produtivo galego. Un proceso que ten un nome concreto: Industria 4.0

A nivel autonómico, temos unha folla de ruta para acadar os devanditos obxectivos: a Axenda Industria 4.0, que ten previstos para os vindeiros catro anos (2019-2022) destinar 350 millóns de euros ao desenvolvemento destas novas metodoloxías empresariais. O obxectivo é "anticiparse aos cambios do novo modelo, aumentar o tamaño das empresas, favorecer a aposta polo tanto dixital e contribuír á reinvención do tecido industrial galega e á súa especialización dende o punto de vista tecnolóxico".

A nivel de postos de traballo, a axenda contempla a creación de 13.500 empregos industriais e mobilizar 900 millóns de euros até 2022. En palabras da Consellería de Economía, impulsora da axenda, esta servirá para "seguir impulsando o medre do tecido empresarial que aposte pola innovación e a presenza internacional mediante a diversificación de produtos e mercados".

Catro medidas

A axenda presenta unha serie de novidades a ter en conta, por exemplo unha redifinición das súas áreas de acción, composta por catro bloques: estratexia, asesoramento, talento e innovación. A partir desta nova estrutura, este ano que vén (2019-2020) desenvolveranse catro iniciativas clave que impulsarán a transformación dos nosos sectores. Estas catro medidas son: a prestación de servizos ás pemes (Servizos 4.0); o desenvolvemento de centros de fabricación avanzada (Solucións 4.0); a creación dun Observatorio da Industria 4.0 (Plataforma 4.0); e un programa de financiamento para as empresas (Financiamento 4.0).

Respecto da primeira das liñas de actividade, Servizos 4.0, collerá corpo coa posta en marcha de novas *business factories* e o desenvolvemento dos *hubs* de innovación dixital xa activados, enfocados sobre todo a sectores estratéxicos, así como ás tecnoloxías emerxentes Internet das Cousas (IoT polas súas siglas en inglés) e análise de información a gran escala (*Big data)* e analítica.

En segundo lugar, a posta en marcha de Solucións 4.0 (solucións para avanzar na nova industria) concretarase, por unha banda, nos Centros de Fabricación Avanzada, que terán como obxectivo validar e demostrar recursos de tecnoloxías dixitais galegas en sectores industriais concretos. Amais, a través do fomento da colaboración entre empresas complementarias que xeren solucións conxuntas, impulsarase a iniciativa Maquinaria 4.0, que incidirá no desenvolvemento de provedores de bens de equipo para a nova industria.

A estas actuacións engadirase unha terceira medida, que consiste na creación dun Observatorio da Industria 4.0, unha plataforma que, en palabras do Goberno galego, "facilitará o coñecemento mutuo entre axentes implicados e o deseño e activación de proxectos de colaboración".

Por último, activarase unha cuarta liña de actividade, Financiamento 4.0, que se dirixirá a fomentar iniciativas de cooperación en I+D e o avance en investimentos tecnolóxicos e investimentos estranxeiros. Trátase, en detalle, dun "programa integral de financiamento para as empresas que desexen fortalecer a súa competitividade por medio de iniciativas encamiñadas á consolidación do novo modelo industrial".

Estas catro medidas desenvolveranse baixo o paraugas da Gobernanza Industria 4.0, o órgano con representación dos axentes socioeconómicos (empresarios e sindicatos) para liderar a orientación e desenvolvemento desta nova etapa industrial en Galicia. O novo modelo de Gobernanza 4.0 posibilitará integrar as capacidades instaladas, crear polos de actividade ao redor das principais tecnoloxías e favorecer a especialización da industria galega.

Catro anos de experiencia previa

A nova Axenda 4.0 dá continuidade á que en 2015 foi aprobada co consenso de 120 axentes sociais e desenvolvida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa colaboración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

A Xunta está a impulsar, a través do Igape, a especialización e o acceso ao mundo laboral de 140 mozos e mozas a través do programa Profesionais 4.0

Segundo explican estas entidades, "entre 2015 e 2018, a axenda apoiou a actividade de 8.925 empresas, permitindo a mobilización público-privada de 935,6 millóns de euros en Galicia, ao tempo que se crearon 14.500 novos empregos industriais". Do total dos investimentos realizados, "un 60% centráronse en medidas específicas da fábrica 4.0, unha porcentaxe que se prevé incrementar co plan de acción para os vindeiros dous anos", engaden Economía e Amtega, que tamén lembran que a posta en marcha da devandita folla de ruta foi quen de emprazar Galicia á fronte de Europa en actuacións de transformación e modernización empresarial. Entre os principais fitos destes catro anos sitúanse a Business Factory Auto (BFAuto), as Unidades Mixtas de Investigación, os proxectos Industria 4.0, as axudas á dixitalización e o Polo Aeroespacial de Galicia.

Nova iniciativa: Profesionais 4.0

A Consellería de Economía está a impulsar, a través do Igape, a especialización e o acceso ao mundo laboral de 140 mozos e mozas. Trátase, en palabras de Economía, "dunha iniciativa innovadora posta en marcha pola Xunta para facilitar a mellora competitiva do tecido produtivo galego, e pola que as compañías e organizacións interesadas poden acceder a axudas para a contratación de titulados universitarios e de técnicos superiores en FP de ata 35 anos".

Con este programa quérese facer avanzar a especialización e o acceso ao mundo laboral de 140 mozos e mozas que recentemente obtivesen a titulación esixida. Dotada con dous millóns de euros, a nova liña de axudas incentiva a contratación e a formación destes profesionais por parte das empresas, autónomos con dous ou máis empregados e as asociacións, fundacións ou clústeres, para a realización de plans que garantan o seu avance competitivo no eido da Industria 4.0.

As actividades de optimización poderán levarse a cabo nun amplo e variado abano de áreas, como por exemplo optimización financeira, profesionalización da produción e a cadea loxística, desenvolvemento de procesos e sistemas de xestión da calidade, identificación e posta en marcha de redes de cooperación e socios, aposta polo capital humano, asesoramento integral ao proceso emprendedor, dixitalización ou creación de contidos dixitais e incorporación efectiva de tecnoloxía, entre outros.

Polo que se refire ás tituladas e titulados interesadas/os, deben darse de alta, previamente á resolución da convocatoria a finais de 2019, na base de candidatos do Igape, a través da cal as empresas e asociacións empresariais que participen no programa, e que poden solicitar as axudas utilizando a oficina virtual do Instituto, atoparán os candidatos axeitados.

Profesionais 4.0, que conta co co-financiamento do Fondo Social Europeo, súmase ás distintas iniciativas impulsadas pola Administración autonómica para "favorecer a retención de talento na Comunidade e o desenvolvemento da carreira profesional da xente nova, ao tempo que se estimula a súa incorporación ao tecido empresarial, mellorando así a súa competitividade". Entre estas iniciativas salienta tamén Principia. A través da súa cuarta convocatoria, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) apoia a contratación de 110 persoas mozas cualificadas de ata 35 anos de idade para a realización de actividades de I+D+i en 77 empresas e organismos de investigación de Galicia. Enmárcase na nova Axenda Industria 4.0, para cuxo desenvolvemento a Xunta destinará 350 millóns de euros entre 2019 e 2022 cos obxectivos de anticiparse aos cambios do novo modelo industrial, aumentar o tamaño das empresas, favorecer a aposta polo talento dixital e contribuír á reinvención do tecido industrial galego e á súa especialización desde o punto de vista tecnolóxico. ■

Obxectivo: que as mulleres estean seguras nos grandes eventos

A campaña *Agresión Off* da Xunta, apoiada pola *app* do mesmo nome, impactou o ano pasado en até 4.000 persoas

Nos tempos que corren, tan dixitais, tan conectados, non se concibe unha campaña de divulgación, información e sensibilización sen presenza no plano tecnolóxico. Queremos combater un abuso ou un delito sen as redes sociais e a presenza de móbiles e tabletas? Difícil pensar que unha iniciativa desta índole poida ter a repercusión debida. Isto é aplicábel, tamén, á loita contra a violencia de xénero e a violencia sexual. Na nosa terra temos unha campaña en marcha, Agresión Off, que é un referente no devandito: no uso positivo das tecnoloxías.

A ferramenta ten unha clara vertente tecnolóxica e é este piar dixital no que se apoia, o que garante en boa medida a súa efectividade. Non só a nivel informativo, formativo e sensibilizador. Tamén á hora de actuar directamente contra a lacra dos agresores.

A campaña *Agresión Off, Eu digo non á violencia sexual* foi creada pola Xunta para ter presenza nos festivais musicais de Galicia e co obxectivo de "sensibilizar e evitar agresións sexuais contra as mulleres e loitar contra o acoso neste tipo de eventos". A meta principal da campaña é "que as mulleres estean seguras nestes grandes eventos", e ao mesmo tempo, aproveitar a gran afluencia de público a eles para "incidir na concienciación da sociedade sobre a violencia sexual".

Como parte das estratexias a realizar no marco desta campaña inclúese a presenza de casetas nos distintos festivais desde os que se distribúe distinto material informativo como por exemplo o *Décalogo contra a violencia sexual: dez cosas que tes que saber.* Este decálogo tamén figura na aplicación móbil de Agresión Off posta en marcha en agosto do ano pasado. O decálogo recolle as seguintes indicacións:

- As agresións sexuais son un delito recolleito no Código Penal.
- Nada xustifica unha agresión: nin a forma de vestir, nin a exhibición do corpo. Tes dereito a divertirte sen ser importunado/a ou agredido/a.
- Tes dereito a pasalo ben e gozar en liberdade e con seguridade. A rúa, a noite e as festas tamén son das mulleres.
- Sen consentimento non é unha relación, é unha agresión.
- O consentimento non é ilimitado e existe o dereito de repensalo e a non seguir. NON É NON!
- Baixo a influencia do alcol e doutras sustancias segue existindo o dereito a dicir non e se non hai un si, é un non, sen que haxa outra interpretación.
- Insistir cando te rexeitan é acosar. Non te poñas pesado/a.
- Se necesitas axuda fronte a unha agresión chama ás 112 Emerxencias.
- Se presenzas unha agresión sexista non a permitas, chama e denuncia.
- Lembra que se sofres unha agresión sexual, sexan nas circunstancias que sexan, non te sintas culpábel porque a responsabilidade é sempre de quen agride.

Por outra banda, o decálogo da aplicación móbil abrangue consellos prácticos sobre como actuar ante posíbeis situacións de riscos e un directorio de lugares onde acudir a pedir axuda, así como teléfonos de información.

A campaña *Agresión Off, Eu digo non á violencia sexual* tamén recolle a proxección de vídeos nos escenarios dos festivais, ademais de persoas *in situ* subministrando información e formación sobre como actuar ou a quen acudir en caso de agresións.

A iniciativa acompáñase de obradoiros formativos a voluntarios que colaboran na seguridade dos festivais de verán.

Segundo informa o Goberno galego, a iniciativa tivo o ano pasado un impacto directo en até 4.000 persoas, o que supón unha media de até 700 persoas atendidas en cada evento.

Este ano, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Vicepresidencia da Xunta, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, asinou convenios con outras consellerías. O acordo coa Consellería de Cultura alcanza os 775.000 euros para levar a cabo campañas contra a violencia de xénero en bibliotecas e, a través precisamente da iniciativa Agresión Off, en festivais e festas de interese turístico. En termos máis detallados, acordouse ampliar a difusión da campaña, de maneira que este ano está presente nas festas de interese turístico galego, nacional e internacional; así como nos 12 festivais acollidos este ano baixo a marca FestGalicia; e en 25 concellos adheridos á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero.

Tamén no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Xunta e a Fundación Meniños colaboran na posta en marcha dun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, que conta cunha achega de 50.000 euros. Vítimas de abuso ou violencia sexual en Galicia así como os seus familiares ou persoas da súa contorna recibirán recursos terapéuticos por parte de profesionais especializados

para lograr a súa recuperación integral. Estes profesionais, á súa vez recibirán asesoramento e formación profesional no ámbito da violencia sexual.

A aplicación

A ferramenta móbil *Agresión Off* foi lanzada hai algo máis de un ano coa intención de achegar tecnoloxía de utilidade para loitar conta as agresións sexuais en calquera desas moitas situacións, especialmente frecuentes no verán, en que as mulleres volven soas aos seus fogares, á volta (por exemplo) dunha xuntanza ou dun festival de música. A aplicación, impulsada por Vicepresidencia e coa colaboración tecnolóxica do Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG), ten carácter pioneiro na nosa terra e na nosa contorna estatal, en boa medida polo que ten de recurso concibido para ser predominantemente útil (incorpora cousas como unha función que é quen de rexistrar a xeolocalización da usuaria cada pouco tempo, dando aviso ás persoas seleccionadas da mesma para telas ao tanto deste percorrido).

A aplicación, que ten precedentes na aplicación Escapp (ferramenta gratuíta de Vicepresidencia e o CPEIG para axudar ás mulleres vítimas da violencia de xénero), está dispoñíbel para sistemas operativos Android e para iOS.

A ferramenta abrangue recursos como o devandito decálogo contra a violencia sexual, consellos prácticos de como actuar ante posíbeis situacións de riscos e un directorio de lugares onde acudir a pedir axuda, así como teléfonos de información.

A ferramenta móbil *Agresión Off* foi lanzada coa intención de achegar tecnoloxía de utilidade para loitar conta as agresións sexuais

O Pacto de Estado

Segundo lembra o Goberno galego, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero é unha ferramenta fundamental na prevención e loita contra esta lacra. Trátase "dun instrumento de moita importancia porque nace dun consenso político e que busca implicar a todas as institucións e sociedade no seu conxunto", explica a Xunta, engadindo que a Administración autonómica está a manter "un firme compromiso coa execución do Pacto de Estado", tal e como como se pon de manifesto no amplo abano de medidas que se prevén executar nunha chea de ámbitos (medio rural, educación, sanidade...) e que supoñen "unha actuación integral, desde a prevención e sensibilización, até a atención directa ás vítimas a través de axudas ou mesmo asistencia psicolóxica". ■

OUTROS ACORDOS

- Posta en marcha en Galicia, de xeito pioneiro en España, do servizo de garda psicolóxica para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores.
- Campaña con Os Bolechas para fomentar o uso de xoguetes sen estereotipos sexistas.
- Implantación en Galicia de medidas de protección e asistencia integral para orfos/as vítimas da violencia de xénero.
- Posta en marcha da primeira vivenda tutelada especializada para mulleres con doenza mental vítimas da violencia de xénero.
- Tres millóns de euros para impulsar accións no ámbito educativo para loitar contra a violencia de xénero.
- Convenio entre Vicepresidencia e Vivenda de 1,65 millóns de euros para sufragar un programa de bono de aluguer social para as vítimas de violencia de xénero durante 12 meses.
- Convocatoria de axudas a asociacións de mulleres de case medio millón de euros para levar a cabo programas de sensibilización.
- Accións no ámbito social por 890.000 euros.
- Achega de 300.000 euros ao tres universidades galegas para colaborar na prevención e a loita contra a violencia de xénero.
- Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para pór en marcha medidas contra a violencia de xénero para mulleres e nenas con discapacidade auditiva.
- Accións no medio rural por un importe de 700.000 euros.
- Posta en marcha da quenda de garda permanente de traballadores sociais para atender a mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas menores por 253.000 euros.
- Achega de 300.000 euros ás ANPAS.
- Investimento de 800.000 euros para os concellos para a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero.
- 290.000 euros a campañas de sensibilización e formación no ámbito sanitario.
- 500.000 euros para accións entre a poboación refuxiada e desprazada.
- 800.000 euros para os concellos.

Salto dixital de longa distancia

R equipa a JEALSA da tecnoloxía precisa para optimizar o seu proceso de internacionalización

A conserveira boirense JEALSA ten establecida unha alianza con outro referente empresarial galego: a operadora de telecomunicacións e cable R. A colaboración entre os dous xigantes do noso tecido empresarial estase materializar no fornecemento a JEALSA de solucións dixitais para os seus actuais (e ambiciosos) procesos de medre e procura de novos mercados. En termos máis concretos, R subminístralle tecnoloxías de Internet das Cousas (IoT) e análise de información a gran escala (*Big Data*) para os procesos de xestión, almacenaxe e avaliación de datos en modo servizo.

A alianza ten tres eixes temáticos concretos (crecemento, innovación e diversificación) a partir dos cales collen corpo definitivo iniciativas concretas de fortalecemento, competitividade e transformación. Por exemplo a incorporación dunha rede corporativa de datos con accesos multi-tecnoloxía tanto para as sedes estatais de JEALSA como para internacionais (Italia, Chile, Brasil, Guatemala e Portugal) e con solucións de aseguramento incorporadas en todas elas.

Segundo informa R, "grazas ao noso proxecto na conserveira, baseado en solucións de VMware, a compañía de Boiro dispón agora dunha infraestrutura de TI moderna, flexíbel, robusta e segura, sempre dispoñíbel e con capacidade para asegurar o seu negocio e poder seguir innovando". Ademais, R salienta que co novo modelo *cloud* (computación na nube) impulsado por JEALSA, a compañía conserveira "pagará polas infraestruturas que realmente usa", grazas á solución de TI (Tecnoloxías da Información) con capacidade para evolucionar no tempo e adaptarse a novas realidades e demandas, procesos de crecemento da empresa.

Antonio Rodríguez, director de Informática e Comunicacións de JEALSA Rianxeira asegura: "Non chegariamos ser o primeiro fabricante de conservas de España e o segundo de Europa sen unha grande aposta pola innovación. Este proxecto axudaranos a seguir crecendo e a centrar os nosos esforzos no que mellor sabemos facer: ofrecerlles os mellores produtos aos nosos clientes".

VMware: infinidade de datos seguros e almacenados

Segundo explican dende R, "grazas á nosa experiencia JEALSA apostou polas solucións do provedor tecnolóxico VMware para a xestión da súa infraestrutura de TI e dun centro de respaldo mediante o despregue da plataforma VMware vCloud Director para que a compañía poida continuar coa súa operativa en caso de desastre".

Ademais dotouse á empresa dun centro de datos en remoto, coa elección de VMware vCloud Availability e a creación dunha plataforma de servizo *multicloud* federada.

Ao mesmo tempo, para dar a conexión máis segura a Internet nas súas sedes en Europa, dotouse a conserveira dun Servizo Firewall Avanzado (UTM), dunha rede Wi-Fi corporativa coa solución Wi-Fi Empresa do Grupo Euskaltel, tanto para o despregue estatal como internacional e dunha ferramenta de monitoraxe de datos.

Tamén se fixo avanzar a JEALSA no vieiro das solucións na nube, xa que a partir de agora poderá acceder á súa solución critica SAP facendo uso dunha plataforma SAP HANA as a Service en alta dispoñibilidade.

En termos más xenéricos, R sinala que as solucións dixitais subministradas á compañía de Rianxo permitiralle "ter unha visión global de negocio" e, aos seus profesionais, "estar en disposición de tomar as mellores decisións". ■

Machine Learning Workshop Galicia

O CITIC organiza xunto coa Facultade de Informática da UDC a IV edición do prestixioso e referencial congreso sobre aprendizaxe das máquinas

Programa:

09:00 - 09:30	Rexistro
09:30 - 09:45	Acto de apertura
09:45 - 10:15	Relatorio convidado I
10:15 - 11:30	Sesión de comunicacións II
11:30 - 12:00	Pausa para café
12:00 - 13:30	Sesión de comunicacións II e retos
13:30 - 14:00	Sesión de pósteres I
14:00 - 15:15	Pausa para comida
15:15 - 17:00	Sesión de comunicacións III
17:00 - 17:30	Sesión de pósteres II
17:30 - 18:15	Pausa para café
18:15 - 18:45	Relatorio convidado II
18:45 - 19:00	Acto de clausura

O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña organiza xunto coa Facultade de Informática da UDC a IV Edición do Machine Learning Workshop Galicia (WGML2019).

Tralo éxito obtido nas anteriores edicións en Santiago de Compostela (WGML2016 e WGML2017) e Vigo (WGML2018), o 17 de outubro celébrase a cuarta edición na Facultade de Informática da UDC. Este congreso acollerá múltiples conferencias con máis dun centenar de participantes.

A base do congreso, a súa razón de ser, está no máis que notable incremento, a longo dos últimos anos, do interese da industria e da comunidade investigadora polas tecnoloxías asociadas ao Aprendizaxe Máquina ou *Machine Learning*. Segundo lembran o CITIC e máis a FIC, coa irrupción das tecnoloxías *Big Data* (análise de datos a gran escala) a mellora dos algoritmos de aprendizaxe e a aparición do *Deep Learning* (aprendizaxe profunda), esta rama da Intelixencia Artificial estase a converter nun referente en practicamente calquera eido de coñecemento.

O comité científico do WGML2019 está integrado, entre outros, polos investigadores do CITIC Ricardo Cao Abad e Bertha Guijarro e polo CEO de Cinfo (empresa ubicada no CITIC), Antonio Rodríguez del Corral. Colaboran na organización o CiTIUS da Universidade de Santiago de Compostela, o CESGA, e atlanTTic da Universidade de Vigo. ■

O CITIC colabora no CyberSec@GAL

O CITIC colabora no encontro CyberSec@GAL, o primeiro foro galego sobre seguridade na empresa dixital, impulsado pola Cátedra R en Ciberseguridade. Terá lugar do 14 ao 17 de outubro na Coruña, Santiago e Vigo. O evento consiste en catro xornadas de talleres, ciber-retos e charlas, nas que se falará de solucións, normativas, desafíos e ameazas para a seguridade na contorna dixital. Está dirixido, por unha banda, a estudantes e recentemente licenciados e, por outra, ao ecosistema empresarial, da man de expertos nacionais e internacionais que expoñerán diferentes aspectos no ámbito da ciberseguridade. Durante a xornada de clausura entregaranse seis premios valorados en 2.600 € en total.

Cofinanciado pola Unión Europea. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade. *Unha maneira de facer Europa*

Carlos López Blanco | presidente da Comisión de Dixitalización da Cámara de España

"As PEME que queiran abordar a transformación TIC teñen en Galicia un espello onde mirarse"

— O 26 de setembro tivo lugar na Cámara de Comercio de Santiago unha xornada para concienciar as PEME sobre a necesidade de levar a cabo unha transformación dixital, enmarcada na Estratexia España Empresa Dixital impulsada pola Cámara de España. Carlos López Blanco, presidente da Comisión de Dixitalización desta entidade, estivo falando con Código Cero sobre a situación tecnolóxica actual das nosas pequenas e medianas empresas e do reto que teñen por diante.

- Como está a situación das PEME en canto a dixitalización en España e en Galicia?

- En España varía moito en función do seu tamaño porque as grandes están moi ben dixitalizadas pero a medida que vai descendendo o tamaño da empresa os retos da dixitalización son maiores. Da mesma maneira tamén é distinto en función dos sectores. Hai sectores que pola súa propia natureza ou porque están máis en contacto con empresas grandes están moito mellor dixitalizados. Esta é unha análise válida tanto para o conxunto de España coma para Galicia. Aquí abundan firmas que son pequenas pero tamén abundan aquelas que teñen relación con sectores punteiros da economía galega, como pode ser todo o que ten que ver coa industria téxtil ou a moda e a industria agroalimentaria.

- Existe conciencia nas PEME sobre a necesidade da transformación dixital?

- A Cámara de Comercio de España fixo un estudo sobre o grado de dixitalización e o primeiro que nos atopamos foi que as pequenas e medianas empresas escoitaron falar do proceso pero moi poucas teñen sentimento de urxencia. A maioría delas pensa que é algo que non é para hoxe e que pode agardar ao ano seguinte. Esta é unha das primeiras cousas que queremos transmitirlles, sen angustias, facerlles ver a necesidade de dixitalizarse canto antes porque poden perder a súa competitividade. A clientela transfórmase e avanza e se ti non o fas, vas perder eses clientes. Non todas as PEME entenden de software ou de tecnoloxía pero si todas entenden de clientes.

- O reto real desta transformación é a sensibilización ou a formación?

- En primeiro lugar entender para que se precisa a dixitalización, porque hai moita confusión. Ti pos a radio e hai empresas que ofrecen transformación dixital e un non sabe moi ben de que vai iso. Así, nós insistimos en poñer o cliente como elemento central da necesidade de transformación porque cando ti entendes isto xa sabes para que queres a tecnoloxía. No noso informe hai un decálogo das tecnoloxías que precisan as empresas para poñer en marcha este proceso e vanse decatar de que hai moitas que xa teñen. A partir de aquí o traballo das Cámaras é acompañar as PEME neste proceso.

- Cales son os beneficios inmediatos para unha PEME cando implanta un plan de transformación dixital?

- Primeiro adaptarse ao que lle está a acontecer aos teus clientes. O segundo é que ata o de agora, cando tiñas unha empresa de éxito, sabías que se as cousas marchaban ben o seguinte paso era dar o paso a un emprazamento máis grande. O bo da dixitalización é que xa podes desenvolver a túa empresa sen moverte do teu sitio inicial. O outro gran aspecto é que as ganancias de produtividade interna son moi grandes.

- Que tipo de investimento debe realizar?

- Hai moitas cousas que se precisan que xa están presentes, como unha conexión de banda larga ou unha páxina web. Por outra banda, o mercado ofrece hoxe ferramentas moi accesíbeis economicamente para as PEME, coma un CRM, unha nube, programas de software de xestión interna, etc. Neste senso hai ferramentas moi de fiar, moi maduras e cun prezo moi axustado. E para iso estamos nós tamén, para axudarlles a entender esas ferramentas, axudarlles a entender o custe e ofrecerlles axudas económicas para reducilo. O custe non deber ser un problema na dixitalización.

- Acaban de presentar un informe chamado *A dixitalización como panca de competitividade da PEME*, no que se inclúen 50 medidas concretas para impulsar a transformación. Cales son as máis relevantes?

- Nós dividimos o proceso en tres fases. Unha fase de levar a idea desa necesidade de transformación con medidas como campañas de comunicación e sensibilización. En segundo lugar un fase de consolidación e desenvolvemento da dixitalización das PEME e unha terceira fase de aceleración para que produza os efectos máis importantes. Todas as medidas tratan de facer un bo diagnóstico e de empurrar este proceso.

- Falemos de Galicia, temos o talento para avanzar en transformación?

- A resposta obvia é que si, e unha mostra disto é que foi quen de facer Galicia ao longo destes anos no sector téxtil ou no agroalimentario. Aquí hai un potencial que xa está desenvolvido. Isto xerou un ecosistema que tirou moito das PEME e lles permite afrontar estes procesos dunha mellor maneira porque o tecido empresarial de Galicia de hoxe non ten nada que ver co de hai unha xeración. As PEME que queiran abordar a transformación dixital teñen en Galicia un espello onde mirarse. Desde Galicia e sen moverse de aquí un pode ter unha empresa líder mundial no sector téxtil, por exemplo. ■

Innovación por terra e por aire

BFAero, a aceleradora aeroespacial galega, seleccionará seis novos proxectos

Este 3 de outubro celebrouse en Lugo, na sede da Fundación CEL, unha xornada de traballo sobre a segunda convocatoria da aceleradora Business Factory Aero (BFAero), destinada a impulsar, visualizar e facer voar proxectos innovadores baseados nas tecnoloxías aeroespaciais, os vehículos aéreos non tripulados e as súas múltiples potencialidades. No encontro arredor da nova andaina de BFAero, que se desenvolve ao abeiro do polo aeroespacial de Galicia, participou a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Argerey. Segundo lembrou, xa está aberto (até o 15 de novembro) o prazo de presentación de propostas para a segunda edición da aceleradora.

O obxectivo, sinalou, é seleccionar media ducia de novos proxectos innovadores con drons e vehículos non tripulados, tres para a fase de incubación e tres para a de aceleración, que se sumarán ás seis *startups* que xa están a desenvolver os seus proxectos e plans de negocio.

Na súa intervención, Argerey recordou que "BFAero non só forma parte da Civil UAVs Initiative (CUI), senón que se enmarca tamén na plataforma StartIN Galicia, a través da que se aposta polo emprendemento innovador en sectores clave para o noso crecemento económico e a competitividade".

No acto, ademais da Xunta, participaron representantes da Fundación CEL-Iniciativas por Lugo, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), o Consorcio Aeronáutico Gallego (CAG) e as multinacionais Indra e Babcock, todas elas entidades que apoian e impulsan o desenvolvemento de novas compañías e ideas innovadoras a través de BFAero.

Quen pode participar

As empresas e *startups* do sector aeronáutico de toda España que teñan unha idea innovadora para o uso de vehículos non tripulados (aéreos e mariños) poden presentarse a este programa, que, segundo lembrou Argerey, "conta cun importante apoio de entidades públicas e empresas multinacionais de referencia como Indra e Babcock".

En termos máis concretos, BFAero ofrece aos seus proxectos acelerados un completo plan para o deseño e lanzamento do seu produto ou servizo no mercado local, nacional e internacional, cunha duración de 24 meses para a etapa de incubación e de 12 meses para a de aceleración.

As propostas elixidas teñen á súa disposición titorías e asesoramento con expertos no sector, acceso ás instalacións e equipos da CUI, oficina propia e espazos para realizar traballo colaborativo (*coworking*) e recibir unha completa formación en todos os aspectos que atinxan á súa idea de negocio. Os proxectos contan con asesoramento tecnolóxico e acceso a potenciais clientes de ámbito internacional. Ademais, poderán dispoñer de UAV de Indra e Babcock de balde e de horas de voo bonificadas. Tamén terán a opción de obter a certificación de piloto.

Cobertura económica

Segundo recordou a directora da Axencia Galega de Innovación, BFAero é "a aceleradora deste sector con maior dotación de apoio económico por proxecto de Europa". Os proxectos admitidos, dixo, disporán do apoio económico da Xunta e, en concreto, accederán a un financiamento de ata 100.000 euros na fase de incubación e de ata 50.000 na de aceleración. A maiores, optarán a un financiamento en forma de préstamos de Indra (a través de Indradventures) de entre 50.000 e 500.000 euros en incubación e sen límite en aceleración. Ademais, na fase de aceleración terán acceso a préstamos participativos de ata 250.000 euros de Xesgalicia.

A Business Factory Aero, impulsada pola Xunta a través de Gain, acolle ás empresas nas súas instalacións da Fundación CEL Iniciativas por Lugo. ■

Proxectos innovadores, non estades sós

A Deputación de Lugo achegará un Punto de Atención ao Emprendemento

A Deputación de Lugo anunciou recentemente a vindeira creación dun espazo de asesoramento a todas aquelas persoas que queiran dar corpo a un proxecto de mercado ou a unha iniciativa innovadora no marco da provincia. Estamos a falar do Punto de Atención ao Emprendemento, que dará cobertura informativa e facilitará, pola vía electrónica, os trámites en materia de apertura de negocios.

A iniciativa foi dada a coñecer polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, que fixo saber que o PAE xorde da adhesión da entidade provincial a un convenio existente entre o Goberno estatal e a FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias). Segundo engadiu, a oficina permitirá que os trámites de alta nunha actividade empresarial sexan de balde para os emprendedores e emprendedoras, e poderán facerse nun tempo de 48 horas.

Esta iniciativa, dixo, "encádrase no compromiso da Deputación coa dinamización do tecido empresarial da provincia, co obxectivo de fortalecelo, diversificalo, mellorar a súa competitividade e crear emprego a través do apoio ao emprendemento", subliñou Pablo Rivera, ademais de destacar que o PAE "complementa o xa amplo abano de servizos que a entidade está subministrar en materia de impulso do emprendemento e de creación de emprego". Así, entre outras iniciativas, lembrou que a institución provincial ten en marcha a Axencia de Colocación, que busca "casar oferta e demanda de postos de traballo no menor tempo posíbel" e ofrece ademais "servizos de asesoramento a empresas e emprendedores, e orientación laboral".

Os PAE, engadiu Rivera, teñen unha misión dupla. Por unha banda, fornecen de servizos presenciais de información e asesoramento aos emprendedores na definición e tramitación telemática das súas iniciativas empresariais, así como durante os primeiros anos de actividade. Pola outra, facilitan o inicio do trámite administrativo de constitución da sociedade a través do DUE, o Documento Único Electrónico. Este punto será atendido por persoal técnico do servizo provincial de Promoción Económica e Emprego e do Centro de Atención ao Usuario (CAU). ■

Lugo Smart City fortalécese en materia de transparencia

O proxecto Lugo Smart City, destinado a converter a cidade da Muralla nunha urbe máis intelixente e sustentábel, amais de mellor comunicada e xestionada, recibiu en setembro un novo impulso. E fíxoo coa incorporación, por parte do Goberno local, dunha nova de liña de actividade destinada a mellorar a transparencia do Concello e incrementar o coñecemento que ten o cidadá sobre as xestións municipais, ademais de ofrecer a posibilidade de explotar, por parte de sector privado e da cidadanía, datos públicos.

O Concello engadiu que a información que en datas vindeiras se poña a disposición da veciñanza artellarase en relación a seis áreas de actuación, como son o urbanismo e a transparencia activa; as relacións coa cidadanía; a transformación económico–financeira; a transparencia nas contratacións e convenios; en materia de obras públicas e medio ambiente e no dereito de acceso á información.

En total, achegaranse máis de 80 indicadores que se publicarán en breve e "que nos permitirán compararnos dun xeito homoxéneo co resto dos Concellos dos que se avalían os índices de transparencia segundo a estrutura proposta por Transparencia Internacional", indicou o Concello da man do concelleiro de Urbanismo, Miguel Couto.

Axenda de actividades

↳ Luns 14 de outubro

(T214. Escola de enxeñería de Telecomunicación Univ. de Vigo) e (L2.02 Facultade de Informática Univ. A Coruña)

- **16:00 a 20:00** Obradoiro: Introdución á auditoría de dispositivos IoT e IIoT mediante Shodan

↳ Martes 15 de outubro

(T214. Escola de enxeñería de Telecomunicación Univ. de Vigo) e (L2.02 Facultade de Informática Univ. A Coruña)

- **16:00 a 20:00** Obradoiro: Análise de vulnerabilidades en contornos Windows e Linux.

↳ Mércores 16 de outubro

(Sala I Biblioteca, Gaiás)

- **16:30 a 17:00** Charla técnica a cargo de Emetel: *Evasión da Seguridade de Rede* Presentación das principais técnicas de evasión da seguridade das redes: IDS/IPS, *firewall, honeypots* e *hacking* de redes Wi-Fi.
- **17:00 a 19:00** Reto Gradiant e Hijos de Rivera

↳ Xoves 17 de outubro

(Auditorio Neira Vilas, Cidade da Cultura)

- **9:00** Recepción e acreditación
- **9:30** Apertura
  AMTEGA, CPEIG, e cátedra R ciberseguridade
- **10:00** A Estratexia de Seguridade Nacional e a Ciberseguridade.
  Xeneral Miguel Ángel Ballesteros, Responsábel da estratexia nacional de ciberseguridade, Departamento de Seguridade Nacional.
- **10:45** Mesa debate: *Ciberseguridade na transformación dixital.*
  Moderadora: María Almodóvar, xornalista do Grupo Correo Gallego
  Belén Pérez, responsábel de ciberseguridade de Balidea
  Lilian Adkinson Orellana, seguridade e privacidade de Gradiant
  Rosa Seoane, xerente de Comunicacions, Smart Things e Abanca Innova
  Pilar Vila, directora executiva e co-fundadora de Forensic & Security
  Susana Rey, DPO do Grupo Euskaltel
- **11:45** Pausa café
- **12:15** Visión do mercado
  Eduardo Mastranza, executive partner, CIO Advisory de Gartner
- **13:00** *Ciberseguridad na PEME – como obviar a falta de recursos e mitigar os riscos*
  Marina Martínez-García, H2020 Programme Officer Security, Space, Transport, SME, Environment & Bioeconomy.
- **13:45** Clausura e entrega de premios
- **14:00** Viño galego

Todo o que quixemos saber sobre ciberseguridade

Cybersec@Gal celébrase na Coruña, Santiago e Vigo entre os días 14 e 17 de outubro

Este mes de outubro celébrase na Coruña, Santiago e Vigo o encontro Cybersec@Gal (catedrarciberseguridade.com/cybersec_gl.html), o primeiro foro galego sobre seguridade na empresa dixital, impulsado pola Cátedra R en Ciberseguridade ((materializada por R en colaboración coas universidades da Coruña e de Vigo) e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, o CPEIG. O foro contará con importantes apoios da nosa terra e do ámbito estatal, como por exemplo a colaboración da axencia autonómica AMTEGA, de AtlantTIC, do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) ou, tamén, do Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña (CITIC). Ás devanditas entidades únense o Centro Tecnolóxico Gradiant, Estrella Galicia, Emetel ou Abanca.

O congreso desenvolverase na sede da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo e na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (días 14 e 15 de outubro), na Biblioteca da Cidade da Cultura (o día 16) e no Auditorio Xosé Neira Vilas da Biblioteca e o Archivo de Galicia (o 17 de outubro).

O evento consiste en catro xornadas de obradoiros, ciber-desafíos e charlas, nas que se falará de solucións, normativas, desafíos e ameazas para a seguridade na contorna dixital. Está dirixido, por unha banda, a estudantes e recentemente licenciados e, pola outra, ao ecosistema empresarial, da man de expertos estatais e internacionais que exporán diversos aspectos no terreo da seguridade TIC.

Durante a xornada de clausura entregaranse un total de seis premios valorados en 2.600 euros en total: un premio á Tese de Doutoramento en Ciberseguridade (700 euros), dous premios á Tese fin de Mestrado en Ciberseguridade na UDC e a UVigo(400 euros cada un), dous premios á Tese de Fin de Grao en Ciberseguridade na UDC e a UVigo (300 euros cada un) e un premio reto Gradiant - Hijos de Rivera (500 euros). ■

O ano do despegue definitivo

Talentia Summit (Santiago) porá o foco nas nosas capacidades para innovar e facer voar as empresas

▲ Xavier Ferreiro e Xosé Sánchez Bugallo na presentación da feira

O encontro Talentia Summit 19, impulsado polo Concello de Santiago, vai ser sen dúbida un dos grandes eventos tecnolóxico-empresariais da tempada, co engadido extra de que boa parte do seu programa (unha máis que completa axenda de obradoiros, cursos e relatorios) porán o foco nas persoas e nos seus diversos talentos e capacidades para innovar.

O encontro dará comezo o 21 de outubro (co foro de relatorios estratéxicos e a xornada de apertura institucional no Auditorio de Galicia) e proseguirá os días 22 e 23 coa Feira do Talento (xuntanza aberta con todo de actividades para mostrar e impulsar as capacidades de cada quen: un espazo de encontro entre empresas e posíbeis traballadores e entre empresas e provedores de servizos) no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago.

Por certo que a Feira do Talento vén este ano con intención de bater récords: incrementáronse, con respecto do ano pasado, os postos de traballo ofertados (preto de 850), de empresas presentes (sobre 100) e de certificados (máis de 25).

A Feira do Talento vén este ano con intención de bater récords: incrementáronse, os postos de traballo ofertados (preto de 850), de empresas presentes (sobre 100) e de certificados (máis de 25)

A previsión desta convocatoria de Talentia Summit (en palabras do Concello "a edición definitivamente internacionalizadora do evento") é a de acoller preto dun centenar de empresas punteiras e personalidades de relevancia, como a ministra de Economía e Empresa en funcións, Nadia Calviño.

Amais, a entrega 2019 do Talentia porá o foco en como afecta a transformación dixital ás persoas e tamén no compromiso social empresarial cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) acordados pola ONU no marco da Axenda 2030. Sobre este horizonte estará presente, como conferenciante no Foro Talentia, Federico Buyolo, director xeral da Oficina do Alto Comisionado para a Axenda 2030.

Durante tres xornadas (do 21 ao 23 de outubro), a clave do encontro será a potenciación das nosas capacidades, dando visibilidade ás organizacións e empresas máis comprometidas co desenvolvemento, a promoción e a retención do talento. Doutra banda, os/as participantes poderán presentarse as empresas, acreditarse mediante certificacións de competencias dixitais ou idiomas, e asistir a conferencias, obradoiros ou exposicións sobre a transformación dixital e outras moitas actividades para mellorar a súa capacidade de acadar un emprego.

Dende a organización prevén superar as 3.500 persoas asistentes que participaron na edición do pasado ano.

A listaxe de conferenciantes da edición 2019 do Talentia salienta polo importante número de profesionais referentes e persoeiros institucionais que acubilla: Nadia Calviño, ministra de Economía e Empresa en funcións, Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, Xosé Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago, Paul Tran, director de Recursos Humanos de Hijos de Rivera (Estrella Galicia), Sonia Mulero, directora da Fundación Banc Sabadell, Federico Buyolo, director xeral da Oficina da Alta Comisionada para a Axenda 2030, José Luis Pérez-Pla, consultor director en Cegos e responsábel da Escola de Excelencia Comercial de Telefónica, Jaime de Nardiz Pérez, director diagnóstico cultural de de Great Place to Work e Jaiver Sirvent, evanxelista tecnólogo. ■

Certificado de Piloto de Drons

Talentia Summit presenta nesta edición "unha oportunidade única" para obtermos unha licenza oficial de piloto avanzado de drons "de forma totalmente gratuíta". Habilitaranse, con este fin, 10 prazas de pre-inscrición para este curso especializado, no que se realizará un test previo para comprobar as aptitudes e coñecementos de cada quen e poder acceder ao curso. Achegarase a posibilidade de realizar teleformación para despois, os días 22 e 23 de outubro, realizar as prácticas durante o Talentia Summit no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Segundo informa a organización, "este curso de piloto avanzado de dron tería decote un custo aproximado de 600 euros, polo que a oportunidade de obter este título de forma totalmente de balde a través de Talentia Summit é única, do mesmo xeito que a obtención doutros certificados oficiais de competencias dixitais como Azure, Photoshop, Word, Excel, etc".

Todo o que quixemos saber sobre transformación tecnolóxica

Outubro de 2019 vai pasar á historia como o mes no que, con toda probabilidade, máis e mellor se falou na nosa terra de emprendemento e as súas múltiples ramificacións. Un exemplo destacado disto é Talentia Summit 19, encontro impulsado polo Concello de Compostela e a Axencia Local de Colocación e programado para os días 21, 22 e 23 de outubro. Como diximos en anteriores ocasións, o evento artellarase en dúas vertentes: a do 21 (co foro de relatorios estratéxicos e a xornada de apertura institucional no Auditorio de Galicia) e a vertente dos días 22 e 23 (coa Feira do Talento no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago). Os puntos en común de todo isto serán as capacidades que todas e todos atesouramos (para mellorar empresas e impulsar e renovar o sistema produtivo galego) e as oportunidades que nos brindan as novas ferramentas dixitais para dar o mellor de nós.

Este labor de optimización pode materializarse de moitas maneiras, pero está claro que a transformación dixital á que están abocadas as nosas empresas é un bo caldo de cultivo para exercitar o talento de cada quen. Cousas como automatizar procesos, minimizar custes, xerar fluidez e dinamismo nas tarefas e funcións da empresa, optimizar e mellorar a comunicación e romper barreiras a nivel internacional.

En Talentia Summit porase o foco na necesidade de xuntar dous mundos: o das e dos profesionais que veñen empurrando coas súas ideas innovadoras, por unha banda, e as empresas que destacan con diversos casos de éxito en materia de transformación tecnolóxica, pola outra. "En Talentia queremos presentar un lugar especializado no impulso dixital con proxectos referentes en Galicia a nivel europeo". Por este motivo, empresas e profesionais presentes no encontro abordarán os seguintes temas:

- *Big Data*. Afondando no potencial da información a gran escala xerada polos distintos servizos web para incrementar a produtividade, a competitividade e a marxe de manobra das empresas.
- Realidade Virtual. Entendéndoa como unha contorna de escenas de aparencia real. Xerada mediante tecnoloxía informática, o usuario figúrase que está inmerso nesta realidade.
- Realidade aumentada. Conxunto de tecnoloxías que permiten que un usuario visualice parte do mundo real a través dun dispositivo tecnolóxico con información gráfica engadida.
- Impresión dixital 3D. Salientando a posibilidade de realizar unha impresión con pezas ou maquetas volumétricas, a partir dun deseño feito por ordenador.
- *IoT (Internet of Things)*. Todo está conectado, e o eido IoT céntrase na interconexión entre obxectos cotiás e Internet. Está relacionado co fogar intelixente.
- Computación na Nube *(Cloud Computing)*. O almacenamento de arquivos e documentos en Internet a través dun sistema que organiza todo o subido á Rede.
- Intelixencia artificial. Segundo explica a organización do Talentia, unha máquina intelixente ideal é un axente flexíbel que percibe o seu entorno e leva a cabo accións que maximicen as súas posibilidades de éxito nalgún obxectivo ou tarefa.
- Robótica. Os robots chegaron. En Talentia porase o foco nos sistemas intelixentes que realizan tarefas programadas para mellorar e optimizar o rendemento empresarial. "A industria xa é 4.0", lembra a organización.
- *Blockchain*. Estrutura de datos nas que a información contida agrúpase en conxuntos (bloques) aos que se lles engaden metainformacións relativas a outro bloque da cadea anterior nunha liña temporal, de xeito que grazas a técnicas criptográficas, a información contida nun bloque só pode ser repudiada ou editada modificando todos os bloques posteriores.

Así foi Talentia 2018…

A pasada edición de 2018, Talentia Summit congregou a máis de 3.500 persoas entre profesionais, participantes e empresas.

- 2.426 currículos recibidos directamente no evento ás empresas participantes.
- 4.500 currículos recibidos para as 360 ofertas de emprego publicadas a través da web da Axencia Local de Colocación.
- 783 persoas participaron en actividades de formación, certificación e desenvolvemento do talento.
- 440 persoas asistiron a sesións de mentoring persoal.
- 81 persoas participaron en obradoiros de vídeo-currículos, fotografía profesional, revisión do currículo e auditoría dixital.

O Centro GaiásTech chegará en 2020

Será un espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías innovadoras con sede na Cidade da Cultura de Galicia



O Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura acollerá no segundo semestre do 2020 o Centro GaiásTech, un espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas, que ofrecerá ao ecosistema dixital galego unha ampla carteira de servizos para facilitar a súa visualización entre as tendencias tecnolóxicas da vindeira década.

O GaiásTech exercerá, ademais, o papel de coordinador da Rede de Nodos de especialización tecnolóxica de Galicia, a través dos que se desenvolverán modelos de colaboración público-privados para impulsar as tecnoloxías dixitais de máis impacto: 5G, Intelixencia Artificial, Big Data ou Ciberseguridade.

> Desde o GaiásTech elaborarase e divulgarase o mapa de capacidades dixitais de Galicia e desenvolverase un servizo de vixilancia tecnolóxica

O centro, cuxa licitación se publico este 9 de outubro, é froito dun convenio entre a axencia autonómica AMTEGA e a Consellería de Cultura e Turismo, que suman un investimento de preto de 2 millóns de euros para a remodelación de ao redor de 1.500 metros cadrados do Centro de Emprendemento, a dotación de equipamento e a súa xestión.

Desde o GaiásTech elaborarase e divulgarase o mapa de capacidades dixitais de Galicia e desenvolverase un servizo de vixilancia tecnolóxica, que permitirá identificar as tendencias dixitais nos mercados, así como as posibles oportunidades de posicionamento para o sector TIC.

Tamén ofrecerá soporte e asesoramento especializado aos diferentes sectores para que integren as novas tecnoloxías dixitais. Para facilitar o aliñamento da demanda e a oferta TIC o GaiásTech porá a disposición do sector espazos para a demostración e a experimentación de solucións tecnolóxicas.

Será, ademais, un escaparate do talento dixital galego, servindo como canle de divulgación de proxectos innovadores e de boas prácticas de dixitalización. Acollerá obradoiros, formación e foros de debate e reflexión multidisciplinares sobre o impacto da revolución dixital na sociedade e a economía.

O GaiásTech configúrase, tamén, como un centro de experimentación e creatividade dixital para facilitar o achegamento do coñecemento tecnolóxico a idades temperas, en liña coas actuacións do Plan DigiTalent da Xunta para promover as vocacións tecnolóxicas entre os máis novos.

Equipamento avanzado

O futuro centro GaiasTech contará co seu xemelgo dixital na Rede, unha plataforma tecnolóxica que integrará a axenda tecnolóxica de Galicia; facilitará o traballo colaborativo dos axentes dixitais dende calquera lugar; permitirá o acceso aos recursos dixitais en rede; así como a retransmisión e participación en *streaming* en calquera actividade ou foro.

Os espazos de demostración e experimentación dixital disporán de equipamento avanzado, que permitirá a aplicación de técnicas de realidade aumentada e virtual para conseguir experiencias de inmersión.

Por outra banda, a segunda fase do Centro de Proceso de Datos Integral dotará de capacidade de almacenamento e procesamento ao GaiásTech para dar resposta ás necesidades de instalación de plataformas e solucións tecnolóxicas avanzadas. ■

O Foro Autonómico TIC de Gartner celebra a súa primeira edición en Galicia

A directora da AMTEGA, Mar Pereira, inaugurou este 10 de outubro o IV Foro Autonómico TIC da consultora tecnolóxica Gartner, o primeiro que se celebra en Galicia e no que participan os responsábeis da área de transformación doutras sete comunidades autónomas. Ao seu abeiro, abordáronse os retos das administracións públicas para impulsar a transformación dixital no seus territorios de cara a vindeira década.

Pereira expuxo no Foro a traxectoria do actual Goberno galego na dixitalización da Comunidade e avanzou as liñas da futura Estratexia Dixital de Galicia 2030, que fai foco no posicionamento do ecosistema dixital galego nas tecnoloxías que serven de puntos de inflexión. En liña coas directrices da Unión Europea, o Goberno autonómico apostará na nova folla de ruta polo 5G, a Intelixencia Artificiala, o *Big Data* ou a Ciberseguridade.

> No Foro abordáronse os retos das administracións públicas para impulsar a transformación dixital no seus territorios

Os analistas de Gartner abordaron aspectos chave para as administracións públicas como as estratexias para incluír as TIC na axenda política, os modelos de financiamento para a transformación dixital ou a evolución das infraestruturas tecnolóxicas para dar resposta ás demandas futuras derivadas da dixitalización.

A AMTEGA formalizou este ano un acordo con Gartner para compartir co sector tecnolóxico o coñecemento de expertos internacional de primeiro nivel en transformación dixital. A multinacional americana, referente para a toma de decisión en estratexias de investimento en tecnoloxía, tanto para empresas como para administracións, está a colaborar coa axencia autonómica na elaboración da Estratexia Dixital Galega 2030.

A Xunta habilitará a nova plataforma Xesbío para facilitar a xestión dixital da biomasa

O vindeiro ano a Xunta (a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA) porá en marcha unha nova ferramenta tecnolóxica para facer posíbel a xestión dixital da biomasa nas faixas secundarias. Trátase da nova plataforma Xesbío, destinada (tamén) a permitir o seguimento e rastrexabilidade das actuacións de todas as partes implicadas (as administracións autonómica e locais e as entidades que levan a cabo os labores subsidiarios), a análise da xestión e máis a automatización das notificacións.

A plataforma, que está a día de hoxe en fase de licitación, vén a substituír e ampliar á ferramenta actual, posta en marcha para facilitar aos concellos o seguimento *online* das parcelas que integran as faixas secundarias do seu territorio.

A nova plataforma Xesbío xestionará de xeito integral as actuacións que leva a cabo a Administración directa e subsidiariamente; a organización e a execución das cortas, cando estas se teñan que producir; así como o estado das tramitacións e xestións que se teñen realizado sobre as parcelas afectadas.

Por outra banda, AMTEGA sinalou que está a estudar a posibilidade de desenvolver e incorporar á plataforma Xesbío, unha aplicación para dispositivos móbiles que operará como ferramenta de apoio para axilizar o traballo de campo que deben realizar os diferentes perfís implicados e que abranguen desde o rexistro da información de campo asociada, a consulta da mesma, ou o apoio en tarefas de información xeográfica e histórica.

A axencia lembra que a día de hoxe os municipios adheridos a esta iniciativa teñen a súa disposición a aplicación Xesbío, "unha ferramenta temporal que lles permite coñecer as parcelas que hai nas faixas secundarias do seu territorio e xestionar a comunicación cos respectivos titulares dunha forma máis áxil e sinxela que se o proceso se tivese que facer en papel".

Henrique Neira Pereira lévanos ao intre de 1969 en que foi inaugurada a primeira máquina para a retirada de cartos da nosa terra

Medio século dos caixeiros automáticos en Galicia

LO REVELA «THE OBSERVER»

España, figura entre los países...

caja automática (BANCOMAT) un nuevo y cómodo servicio adoptado por la CAJA DE AHORROS MUNICIPAL DE VIGO

Este sistema es el primero que se pone a disposición del público en una CAJA de AHORROS española.

VENTA EXCLUSIVA Rud²Meyer S. A.

GENERAL MOLA, 97- Tel. 226 76 70-MADRID-1

ASI FUNCIONA LA CAJA AUTOMATICA (BANCOMAT)

LA PATRONA DE LA INFANTERIA SE CELEBRO EN TODA ESPAÑA CON GRAN BRILLANTEZ

O primeiro sistema de caixa automática instalado en terras galegas chamábase Bancomat e estreouse o 26 de novembro de 1969, coincidindo coa inauguración das novas instalacións da sede central da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, na Avenida García Barbón da cidade olívica, que incluían tamén un potente -para a época- ordenador IBM e outros servizos como unha caixa nocturna ou unha caixa infantil, ademais dunha autocaixa deseñada para poder facer operacións sen baixar do automóbil.

A orixe dos caixeiros automáticos no mundo podemos situalas unha década antes, cando o inventor armenio-estadounidense Luther George Simjian pide o 30 de xuño de 1960 a patente do Bankograph, un primitivo caixeiro automático. En 1961 o City Bank of New York instalou un experimental, pero retirouno tras seis meses por falta de clientela.

O primeiro caixeiro automático exitoso foi o do Barclays Bank en Enfield Town, Londres, inaugurado o 27 de xuño de 1967 e deseñado por John Shepherd-Barron, da firma británica De La Rue. Uns días despois, o 6 de xullo de 1967, foi estreado na cidade sueca de Uppsala outro aparello de nome Bankomat, producido pola firma Metior, con sede na cidade de Malmö, no mesmo país. Axiña se instalaron varios máis en Suecia, Suíza e Francia.

A terras hispanas o primeiro sistema que chegou foi precisamente unha das máquinas fabricadas en Suecia: en novembro de 1968 promocionouse no Salón Informativo de Material de Oficina (SIMO) de Madrid, pero cambiando lixeiramente o nome, que para o mercado español era Bancomat.

A entidade bancaria pioneira en España en estrear este sistema foi Banesto, que xa o tiña en funcionamento na súa sucursal da rúa de Sevilla en Madrid o 9 de xaneiro de 1969. O de Vigo, posto en marcha dez meses e medio despois, foi o primeiro que instalou unha caixa de aforros española.

O uso dos caixeiros foi explicado mediante anuncios na prensa. Por exemplo, Banesto publicitouno a través da inserción dunha páxina enteira no diario madrileño ABC do 18 de marzo de 1969, na que aparecían cinco fotografías e pequenos textos que describían como un home retiraba facilmente entre un e cinco billetes de mil pesetas, que era o límite existente naquela época e naquela máquina.

Lembremos que mil pesetas en 1969 era unha cantidade importante, equivalente a 138,30 euros de hoxe, segundo cálculo que realizamos na web de actualización de prezos, conforme o IPC, do Instituto Nacional de Estatística. Por tanto, en total podía retirarse o equivalente a 691,50 euros.

A Caixa de Aforros Municipal de Vigo anunciou o sistema cunha publicidade semellante, pero neste caso inserida no diario El Pueblo Gallego do 9 de decembro de 1969, e na que atopamos unha ilustración do edificio da entidade na rúa viguesa García Barbón e cinco fotografías nas que aparece unha muller no proceso de retirar cartos.

Para obter o diñeiro era preciso que a persoa titular dunha conta dispuxera dunha tarxeta perforada cunha identificación e dunha clave persoal secreta, polo tanto practicamente como se fai hoxe, soamente que na actualidade levamos tarxetas con chips. Daquela, a tarxeta inseríase nunha rañura e inmediatamente abríase unha pequena porta, detrás da cal había un teclado no que había que marcar nun teclado de cinco teclas o número de billetes que se desexaba sacar. A seguir marcábase a clave persoal noutro teclado de dez teclas.

Cando o sistema aceptaba a clave, rexistraba o número de conta, o número de billetes solicitado e a hora na que se facía a retirada. Posteriormente acendíase unha luz verde e os billetes saían do depósito; cando saíran todos había que pechar a porta protectora do teclado e retirar a tarxeta. Se a clave persoal introducida non era correcta, había que pechar a porta, retirar a tarxeta e empezar de novo o proceso. ■

Novo curso, novos retos

O 23 de outubro, da man do CPETIG, celébrase a novena edición da Xornada de Informática Xudicial (Iuristicgal19)

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia preparou para este outono un completo programa de actividades arredor das novas tecnoloxías e as súas vertentes máis directamente relacionadas coa ciberseguridade, a investigación policial, a avogacía e o dereito. Así, ao Curso de tratamento e análise de evidencias dixitais que se celebrou a comezos de outubro na Cidade da Cultura, cómpre engadir a preparación da novena entrega dun clásico dos nosos eventos tecnolóxicos: a Xornada de Informática Xudicial, Iuristicgal19, que se celebra o 23 de outubro, tamén na Cidade da Cultura e, do mesmo xeito có devandito curso, organizada polo CPETIG en colaboración coa axencia autonómica AMTEGA.

A xornada, convocada baixo o título *Intelixencia artificial e xustiza*, vai dirixida a profesionais da xustiza, maxistrados, secretarios xudiciais, fiscais, avogados, peritos e xuristas en xeral. Ten como obxectivo, en palabras do CPETIG, "informar e concienciar dos importantes beneficios da incorporación e uso das novas tecnoloxías no propio proceso xudicial e incrementar a efectividade e a eficiencia da administración xudicial mediante as novas ferramentas electrónicas e forenses avanzadas."

A edición deste ano terá "carácter condensado", con dous relatorios e unha mesa redonda que se desenvolverán en sesión de mañá, e será inaugurada pola directora da AMTEGA, Mar Pereira, acompañada polo presidente do CPETIG, Marcos Mata.

Intervirán como relatores Moisés Barrio, letrado do Consello de Estado e autor do libro *Dereito dos robots*, que presentará o relatorio *A Intelixencia Artificial ante o Dereito;* e Eloy Velasco, maxistrado da Sala de Apelación da Audiencia Nacional, que exporá *Evolución da proba electrónica no ámbito xudicial: o presente e as perspectivas de futuro.*

A xornada completarase cunha mesa redonda sobre *As vantaxes e os perigos das novas ferramentas tecnolóxicas para a defensa dos nosos dereitos*, moderada por Víctor Salgado, director técnico da xornada.

Como novidade, este ano o acceso a Iuristicgal é de balde, previa reserva da praza. Para recadar máis información e formalizar as inscricións cómpre visitar a web http://iuristicgal.cpetig.gal,

Oportunidade

Segundo informa o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, a novena edición de Iuristicgal será unha oportunidade para actualizar os nosos coñecementos sobre o cada vez máis rico e complexo escenario onde conflúen novas tecnoloxías, dereito e investigación policial. "Considerando a complexidade técnica e casuística destas tecnoloxías así como a innovadora lexislación aplicábel, a xornada pretende dar resposta á necesidade de formación dos profesionais da xustiza, profesionais forenses e xuristas en xeral", sinala o CPETIG, engadindo que un dos grandes piares do encontro é "favorecer que se coñeza esta lexislación e a nova realidade tecnolóxica que a orixina, así como as novas ferramentas dispoñíbeis para interpretala correctamente e aplicala ao caso concreto". ■

Curso de tratamento de evidencias dixitais

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática (CPETIG) celebrou estes días pasados (venres 4 e sábado5 de outubro) o seu Curso de Tratamento e análise de evidencias dixitais. A actividade, que se desenvolve na Cidade da Cultura, na aula II, achegouse como un preludio formativo da nova xornada Iuristicgal, fixada para o 23 de outubro no mesmo escenario compostelán.

Ao curso, organizado en colaboración coa axencia autonómica AMTEGA, asistiron unhas dúas ducias de persoas. Desenvolveuse a longo de doce horas e contou coas intervencións de Víctor Salgado, avogado-socio de Pintos&Salgado, Gonzalo Sotelo, policía xudicial especialista en eCrime, Juan Luis Miguens e Miguel Abal, secretario e vicesecretario do Colexio (achegando unha sesión de tarde sobre *Informe pericial: modelo normalizado do CPETIG*).

Retomando a fórmula do éxito

CiTIUS e CESGA renovan a súa alianza para levar a FINSA á vangarda da Industria 4.0

Os centros galegos CiTIUS e CESGA, ambos emprazados no Campus Sur de Santiago e ambos referentes en TIC, seguirán unindo forzas para implantar tecnoloxías intelixentes na Industria 4.0: tecnoloxías de competitividade, rendibilidade, sustentabilidade, eficiencia e automatización. Farano a través dun proxecto conxunto, concreto, que collerá pulo coa aplicación de novos recursos nunha empresa tamén concreta: a madeireira FINSA. Os detalles da segunda fase do proxecto *Sistemas Intelixentes para a Industria 4.0* foron presentados o 1 de outubro pola directora de GAIN, Patricia Argerey, en Ourense, na sede de FINSA na cidade das Burgas.

Máis polo miúdo, o acto tivo lugar nas instalacións da planta Orember (FINSA), situada no polígono industrial San Cibrao das Viñas (Ourense). Nunha visita guiada xunto aos responsábeis do proxecto, representantes da compañía e os directores de CiTIUS e CESGA (Senén Barro e Mauro Fernández Dabouza), a directora de GAIN tivo ocasión de coñecer as vantaxes dos sistemas *smart* desenvolvidos polo equipo de investigación coordinado polos científicos David Mera (CiTIUS), Andrés Gómez (CESGA) e Santiago Recamán (FINSA).

Os representantes dos dous centros compostelán coincidiron en salientar a importancia da continuidade deste labor investigador, insistindo "na necesidade de incorporar coñecemento técnico para a procura de solucións 4.0 destinadas á industria galega".

Pola súa banda, a directora de GAIN, que preside tamén o padroado do CESGA, puxo o foco na capacidade do proxecto para "pór en valor as capacidades que posúe o noso sistema galego de innovación e, particularmente, os nosos centros de coñecemento, que, grazas á transferencia do seu coñecemento a industria, contribúen a mellorar a competitividade do noso tecido produtivo e, por ende, da economía galega".

A segunda fase desta contribución á Industria 4.0 parte na súa andaina dos mellores precedentes: os bos resultados obtidos durante a primeira fase da colaboración CiTIUS-CESGA-FINSA ao longo de dous anos e medio. No transcurso deste período, os investigadores traballaron a carón dos técnicos de FINSA no deseño de algoritmos baseados en técnicas de Intelixencia Artificial (IA), co obxectivo de controlar de xeito automatizado distintos procesos industriais na planta Orember, "até o de agora de difícil control". O reto proposto pola empresa consistía en obter unha solución tecnolóxica á medida que puidese mellorar a calidade dos seus produtos, aproveitando a inxente cantidade de información xerada durante a fabricación dos taboleiros de Fibra de Densidade Media (MDF, polas súas siglas en inglés), empregados na construción de mobiliario moderno.

Como resultado deste traballo cooperativo, asinouse este 1 de outubro un novo contrato de investigación de cinco anos de duración, que manterá esta actividade científica nas dúas institucións contratadas: o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela (CiTIUS) e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). A sinatura da alianza posibilitará afondar no uso en fábrica das tecnoloxías de Intelixencia Artificial, Big Data e computación de altas prestacións, poñéndoas ao servizo do conxunto de procesos de fabricación necesarios para obter o produto de calidade demandado polos clientes. ■

Décima conferencia IberGRID

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) organizou a última semana de setembro a décima conferencia hispano-lusa de IberGRID sobre cooperación científica e tecnolóxica. A edición 2019 desta xuntanza, na que participaron o CSIC e diversas entidades de España e Portugal, celebrouse no Campus Sur de Santiago (na Facultade de Químicas, nas dependencias do CSIC e máis no CESGA) co obxectivo de fomentar "a interpretación e a adopción de servizos para apoiar proxectos de investigación de vangarda". Na conferencia intercambiaron coñecemento avanzado máis de cen expertos en cómputo e almacenamento de datos científicos de ambos países.

As xornadas foron inauguradas pola responsábel da European Sciencie Open Cloud do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, María Cuesta, o vicepresidente de Investigación Científica do CSIC, Jesús Marco de Lucas e o director-xerente do CESGA, Mauro Fernández Dabouza.

Fernando Suárez, presidente do CPEIG, propón un aproveitamento útil, racional e efectivo do novo estándar móbil

Navegar con rumbo en 5G

Galicia é pioneira na implantación de redes 5G a nivel europeo. Proba disto é que na nosa terra tivo lugar a primeira conexión 5G en *roaming* a nivel internacional, que temos dúas cidades (Vigo e A Coruña) como as primeiras en contar con redes deste tipo e, xunto con Andalucía, a nosa Comunidade foi seleccionada para o desenvolvemento de pilotos impulsados por Red.es, que se suman aos liderados por AMTEGA.

Malia que se vén falando desta disrupción dende hai tempo, posiblemente con máis énfase nos últimos meses pola disputa entre China e EE UU, aínda estamos nos seus albores. Para coñecer as súas posibilidades reais estase a experimentar con casos de uso. Entre os campos de aplicación nos que se está a traballar en galicia están dende o ámbito sanitario, ata o educativo, pasando por sectores tan diversos como a automoción, a industria naval, o turismo o as emerxencias e a loita contra os incendios.

Non cabe dúbida que a tecnoloxía 5G permitirá unha verdadeira vertebración do territorio, pero só se aproveitamos o seu potencial e impulsamos un sector de creación de servizos, contidos, e aplicacións (onde os Enxeñeiros en Informática somos expertos), seremos quen de liderar esta revolución.

Esta situación supón un reto sen precedentes para situar a Galicia na vangarda tecnolóxica. Temos experiencia en contar con infraestruturas avanzadas á que non lles sacamos o máximo proveito por falta de cooperación. Para aproveitar esta oportunidade temos que colaborar e dinamizar todo o ecosistema que hai ao redor de 5G, non so ás operadoras de telefonía, senón a empresas, administracións, centros tecnolóxicos, fabricantes e a todo o tecido emprendedor.

Di o proverbio chico que "cando sopran ventos de cambio, algúns erguen muros e outros constrúen muíños". Coma moitos outros avances tecnolóxicos, o 5G non é unha tecnoloxía europea, pero a diferenza doutros casos, nesta ocasión Galicia pode e debe ser punteira no desenvolvemento de servizos aproveitando a súa potencialidade. Senón, simplemente teremos unha autoestrada cara a ningures. ■

O CPEIG e AMTEGA inauguraron o Curso Superior de eAdministración

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) inauguraron o 24 de setembro a novena edición do Curso Superior de Administración Electrónica. O acto, que estivo aberto ao público en xeral, celebrouse no salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela, presidido pola directora da axencia, Mar Pereira Álvarez, a directora da EGAP, Sonia Rodríguez-Campos, e o presidente do CPEIG, Fernando Suárez Lorenzo.

A continuación, celebrouse un relatorio maxistral *(Presente e futuro da administración electrónica)* achegado polo director da División de Planificación e Coordinación de Ciberseguridade do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, Miguel Ángel Amutio; e o analista independente e director de contidos de la revista Retina do xornal El País, Jaime García Cantero.

O curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración Electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas entidades da Comunidade. O obxecto é integrar de maneira transversal todos os ámbitos que se relacionan coa eAdministración: tecnolóxicos, xurídicos, políticos, organizativos e comunicativos, entre outros.

Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a administración electrónica para que as persoas ás que se dirixe "adquiran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito TIC".

O presidente do CPEIG sinala que o curso "sempre ten una alta demanda de matrículas e conta con profesionais de recoñecido prestixio en cada unhas das materias a abordar no seu transcurso".

A formación está destinada a persoal empregado público. Celebrarase de forma semipresencial do 24 de setembro ao 22 de outubro, en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

Innovación galega: a fórmula inesgotábel

As nosas empresas, centros tecnolóxicos e grupos de investigación seguen a converter a nosa terra nun referente de proxectos de vangarda

Colle impulso a plataforma ZERØ de Teimas Desenvolvemento

A Teimas Desenvolvemento, empresa tecnolóxica galega con sede en Santiago, vén de situarse entre as firmas beneficiadas co Préstamo IFI Innova a proxectos innovadores que conceden a axencia GAIN e o IGAPE. Teimas, que centra boa parte da súa actividade na creación e comercialización de solucións software e hardware para o sector da recuperación e a reciclaxe, é unha empresa en proceso continuo de medre e expansión, unha liña estratéxica que colle corpo, principalmente, a través de acordos con entidades e empresas interesadas en poñerse á vangarda da sustentabilidade ambiental con tecnoloxías avanzadas. Entre estas últimas sitúase a nova plataforma dixital ZERØ, desenvolvida por Teimas e, grazas ao devandito apoio de GAIN e o IGAPE, collendo impulso para o seu gran chimpo internacional.

A nova plataforma dixital ZERØ responde ao compromiso de Teimas coas contribucións innovadoras que favorezan a economía circular nas empresas. "Con esta ferramenta", sinalan dende a empresa compostelá, "as compañías poden dar un paso máis nas súas estratexias de sustentabilidade, contribuíndo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas".

Respecto ao financiamento recibido, establece varias categorías para os sectores prioritarios da Axencia de Competitividade Galicia Industria 4.0. Teimas concorreu nos apartados de *Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos e en Servizos e desenvolvemento de software.*

Segundo as bases da convocatoria, poden optar aos préstamos PEME de alicerce tecnolóxico pero tamén aquelas que, contando cunha traxectoria contrastada, desexen emprender proxectos de innovación en calquera sector de actividade. Neste último caso atópase a empresa de Santiago, co seu proxecto zerotheplatform.com.

Teimas cóntanos que a plataforma ZERØ abrolla directamente da súa longa bagaxe en tecnoloxías avanzadas para a sustentabilidade, o que lle permitiu detectar novas necesidades e demandas dentro dun mundo empresarial que se mostra, nas súas palabras, "cada vez máis preocupado pola súa pegada ecolóxica e está comprometido con o medio ambiente". De aí que a empresa de Santiago decidise dar o paso ("un paso de xigante") coa materialización desta ferramenta que, basicamente, simplifica e axiliza o chimpo das empresas á chamada "economía circular". Trátase pois dun recurso concibido para a gran empresa que busca converter a xestión de refugallos en datos cualificábeis en termos de reutilización, valorización ou reciclaxe.

"Estamos ante a solución máis ambiciosa de Teimas", sinalan fontes da firma, engadindo que o financiamento obtido de GAIN e o IGAPE permitiralle seguir medrando: "Con este financiamento desenvolverase o potencial do proxecto ZERØ, ampliando as súas capacidades e eficacia". Neste senso, todas as novidades que se introducirán na plataforma teñen o nexo común de axilizar o seu uso, ampliando a capacidade de control e a emisión de información aos clientes. ■

Balidea achegará ADESTRapp aos clubs galegos de fútbol

A empresa TIC Balidea, con sede principal en Santiago, vén de asinar un convenio coa Real Federación Galega de Fútbol para facilitar o uso da ferramenta ADESTRapp entre os clubs galegos: será o recurso de video-análise de referencia para todas as seleccións galegas de fútbol, fútbol sala e árbitros. O convenio inclúe tamén a inclusión nos cursos formativos de adestradores de material didáctico relacionado con esta ferramenta, "para que o alumnado poida profundar nas vantaxes competitivas da análise en tempo real", sinalaron. A maiores, a alianza tamén inclúe o fornecemento de vantaxes aos clubs de Galicia que aposten pola introdución das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) no seu traballo. Así, os 15 primeiros pedidos que se realicen por medio da Real Federación Galega de Fútbol terán un desconto de 20% sobre o prezo, que será do 10% a partir do pedido número 16. ■

Aldaba, a UDC e a UVigo impulsarán as vocacións femininas

A empresa tecnolóxica Aldaba, con sede principal na Coruña, vén de xuntar forzas coas universidades da Coruña e Vigo para crear unha iniciativa conxunta de formación TIC dende unha óptica feminina, tirar abaixo estereotipos de xénero na docencia dixital e fomentar a empregabilidade do alumnado galego. A Cátedra Aldaba WIB (Women, ICT and Business) foi presentada nos seus detalles polo reitor da UDC, Julio Abalde, o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, e o director da devandita empresa TIC, Enrique Fernández Pérez.

Na súa formalizaron o acordo para a constitución da cátedra, quen o obxectivo de facilitar "a incorporación laboral dos estudantes da Facultade da Informática da UDC e da Escola Superior de Enxeñaría Informática da UVigo, así como mostrar a relevante presenza das mulleres no eido TIC". Con isto último búscase espertar vocacións tecnolóxicas entre as mozas.

Abalde e Reigosa salientaron "o carácter exemplar desta Cátedra interuniversitaria", a segunda existente entre ambas as dúas entidades. Tamén destacaron a importancia da relación público-privada que se establece coa empresa Aldada, acabada de premiar polo Consello Social da UDC cun galardón que pon de manifesto o seu espírito innovador.

Pola súa banda, o director da empresa explicou que esta Cátedra ten como "finalidade incentivar as vocacións tecnolóxicas femininas", para o que están previstas unha serie de actividades en colexios e institutos. ■

Bionix leva as etiquetas intelixentes ás PEME

Até o de agora a tecnoloxía de localización por radiofrecuencia (RFID) relacionouse con grandes proxectos só ao alcance das multinacionais da industria, a loxística ou a distribución, pero Bionix Supplychain Technologies, *startup* galega fundada en 2017, quere achegar esta tecnoloxía ás PEME, para as que deseña e desenvolve proxectos á medida das súas necesidades. Aseguran que a partires dun investimento moi contido é posible acceder ás vantaxes que brindan as etiquetas intelixentes.

Bionix ofrece solucións Item Intelligence, ou de etiquetas intelixentes, que permiten aos negocios ter unha visibilidade e control total sobre o seu inventario, a cadea de subministración ou o fluxo de operacións, cunha rastrexabilidade completa de cada un das unidades producidas ou distribuídas.

Isto tradúcese en importantes incrementos de eficiencia e reducións de custos. No caso da distribución pode tamén contribuír a mellorar a experiencia de compra dos clientes.

"A xente tende a identificar RFID con grandes investimentos. Nós logramos que isto xa non teña que ser así. Deseñamos e implementamos proxectos que poden estar ao alcance dunha simple tenda, pero tamén traballamos en proxectos máis grandes. Ter desenvolvemento e medios de fabricación propia permítenos esa flexibilidade", explica Jacobo Penide, CEO de Bionix, quen asegura que o investimento, que pode ir dos 1.500 aos 150.000 euros, pode estar amortizado nun ano. ■

Appentra axiliza o desenvolvemento de software

O Appentra Solutions, a *spin-off* tecnolóxica participada pola UDC e promovida por investigadores vencellados ao Centro de Investigación TIC (CITIC), vén de anunciar o desenvolvemento de novos e importantes recursos para axilizar, facilitar, optimizar e facer máis eficiente o labor de programación. Máis en detalle, trátase do Programa de Aceso Anticipado do último produto de Appentra, Parallelware Analyzer, unha serie de ferramentas de liña de comandos destinadas a axudar aos desenvolvedores de software a "construír software paralelo de mellor calidade en menos tempo".

O programa responde ao interese da firma galega por minimizar (ou mesmo derrubar definitivamente) a barreira do desenvolvemento de software paralelo, universalizando este tipo de computación e tirándolle o máximo proveito. A iniciativa acompáñase dun chamamento aos programadores para faceren comunidade arredor do programa de aceso temperán.

Respecto das innovacións e engadidos deste respecto de contribucións previas e complementarias, Appentra defíneo da seguinte maneira: "Mentres o Parallelware Trainer ofrece un ambiente de aprendizaxe interactivo onde os usuarios poden aprender a *paralelizarse,* Parallelware Analyzer ofrece as ferramentas axeitadas para as etapas clave do fluxo de traballo de desenvolvemento paralelo, axudando aos desenvolvedores con análises de código que doutro xeito serían susceptíbeis de erros, consumirán un tempo e completaríanse de maneira manual". ■

Chega **XGN R Encounter**, edición 2019

Este mes de outubro imos celebrar as novas tecnoloxías como se merecen: entre multitudes e contando cun amplo programa de actividades para intercambiar coñecemento, habilidades, recursos e confraternidade. Todo isto vén a conto porque a Feira Internacional de Galicia Abanca acolle do 11 ao 13 de outubro a décimo novena edición do histórico encontro informático xuvenil XGN R Encounter, que chega á súa terceira convocatoria con patrocinio e colaboración de R (19 edicións en total). A cita, que tamén contará co apoio da Consellería de Política Social, será unha ocasión de ouro para tomarmos o pulso ás tecnoloxías máis avanzadas.

Tal e como nos lembra a organización dende o Facebook de seu, a sección *Hardware* de XGN preséntase como unha oportunidade para que deixemos "voar a nosa imaxinación" na granxa de impresoras 3D (aberta dende o venres 11 a partir das 16.00 horas) ou, tamén, nos obradoiros de Realidade Virtual, que incluirán diversos kits para experimentar a fondo con eles (na Zona VR Experience, habilitada o venres e o sábado en horario de 10.00 a 22.00 horas, na que "teremos ao alcance da man sensacións únicas", como por exemplo poñernos na pel dun sobrevivente dun apocalipse *zombie*, ou dun *jedi* manexando unha espada láser ao ritmo da música, ou dun artista da rúa debuxando cun spray sobre as paredes).

Nesta edición, a macro-quedada volve contar coas súas tres zonas: a Intranet, na que os inscritos poderán gozar dun posto con conexión á rede que lles permitirá navegar a 10 Gbps de velocidade e terán dereito tanto a acampar no interior do pavillón como a participar en torneos exclusivos; a Extranet, cun completo programa de actividades tanto para rexistrados como para visitantes, e a súa Zona Expositiva, con presenza de empresas relacionadas co material informático, novas tecnoloxías e lecer electrónico.

A cita abrirá as súas portas de xeito non oficial o día 10 pola tarde. A apertura "oficial" será o día seguinte. ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira

A nosa compañeira **Laura de la Torre** estréase na literatura infantil

A nosa compañeira Laura de la Torre, comunicadora, escritora e colaboradora de Código Cero, vén de publicar o libro infantil *El pirata Pedro y el barco de las velas de cristal*, lanzado pola Editorial Mr Momo e cuxo argumento xira arredor dunha familia de piratas, da que forma parte o gran protagonista do libro, o neno Pedro, que vive coa súa nai e cun ilustre representante do histórico gremio dos filibusteiros: o célebre Barbablanca. O libro ten 44 páxinas e foi ilustrado por Undiscover. Trátase, en palabras da escritora, "dunha historia de amor, superación e constancia".

A Pedro, cóntanos Laura, o que máis lle gusta son as historias que conta o seu avó sobre o mar, os barcos e as aventuras nos océanos do mundo. De aí, de encher a cabeza do seu neto con contos de aventuras, a ver como Pedro se lanza á construción do que sería o navío máis rápido dos sete mares (un barco coas velas de cristal), non hai máis ca un paso. Segundo nos relatou a propia autora, "trátase dun libro feito co corazón" cuxo obxectivo é quitar da cabeza dos nenos a falsa crenza de que os soños son imposíbeis de converter en realidades: "Con este libro quero dicirlles que si que se pode, o único que precisamos é crer en nós mesmos, pór empezo, traballar e contar co amor da familia e dos amigos" ■

A **publicidade galega en Internet** volverá ter premio

A Secretaría Xeral de Política Lingüística vén de convocar, xunto co Parlamento e o Foro Enrique Peinador, a 26 edición dos Premios de Publicidade en Galego, uns galardóns ao mellor da nosa creatividade comercial que novamente terán un piar directamente asentado no tecnolóxico. Os detalles da nova edición foron dados a coñecer esta semana polos responsábeis das ditas entidades, Valentín García, Miguel Ángel Santalices e Xosé González. Os galardóns tamén farán especial fincapé na promoción do uso do galego dende o ámbito da publicidade e a mercadotecnia.

Haberá cinco categorías: radio, televisión, Internet, prensa escrita e centros de formación de futuros profesionais do ámbito. O prazo de inscrición abriuse este 18 de setembro para pecharse o vindeiro 18 de outubro. As bases e toda a información están dispoñíbeis no Portal da Lingua Galega.

Segundo fixeron saber, os recoñecementos á mellor publicidade en galego non son novos, e tiveron unha primeira vida até o ano 2016, sendo nese período convocados polo Consello Asesor de RTVE-G e a Corporación RTVG. A nova andaina, moi centrada nos novos formatos e códigos de comunicación que acompañan o desenvolvemento tecnolóxico, terá o seu intre culminante no mes de novembro, co acto de entrega de premios no marco da conmemoración do Día da Galeguidade Empresarial. ■

A **Deputación da Coruña** súmase á **Semana Europea da Ciberseguridade**

O Rematou o verán e o traballo incansábel para acadarmos unha información e unhas comunicacións máis e mellor protexidas, ao tempo que accesíbeis, entra nun relevante pico de actividade. Neste pico insírese unha das novas iniciativas de Europe Direct A Coruña, centro oficial de información da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña, que organiza nos meses de outubro e novembro a acción *Eu ❤ Ciberseguridade,* no marco da Semana Europea da Programación #CodeWeek, unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea dentro do Plan de Acción de Educación Dixital.

Europe Direct organizará unha serie de obradoiros e charlas de sensibilización sobre o uso seguro e responsábel das TIC. Os obradoiros están dirixidos a un público novo, con idades comprendidas entre os 9 e os 14 anos, e terán dúas edicións. A primeira edición celebrarase os venres 18 e 25 de outubro en horario de 17:30 a 19:30 h. A segunda edición realizarase os venres 8 e 15 de novembro, no mesmo horario. A través desta actividade os mozos "aprenderán a identificar contidos falsos, coñecerán os ciberataques e estafas *online* máis empregadas na actualidade e saberán xestionar correctamente a privacidade e a súa reputación dixital".

Pola súa banda, as charlas para adultos buscan achegarlles a capacidade para acompañar aos menores no seu contacto diario coas tecnoloxías TIC. Así "coñecerán ferramentas para o seguimento da actividade dos menores, métodos de defensa fronte a virus e fraudes, ou como reaccionar tras un ataque á seguridade". A primeira celebrarase o 25 de outubro de 2019, en horario de 17:30 a 19:30 h, e a segunda xeira será o 15 de novembro de 2019. As actividades impartiranse na Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña. ■

Henrique Neira, Premio Reimóndez Portela de xornalismo

A comunicación científico-tecnolóxica de investigación na nosa terra recibiu este mes de setembro un importante recoñecemento. Estamos a falar da concesión do Premio Reimóndez Portela de xornalismo ao noso compañeiro e colaborador Henrique Neira, presenza habitual na nosa edición en papel dende hai xa uns cantos anos e, sen dúbida, un dos grandes responsábeis de que Código Cero siga sendo o referente galego que é en divulgación tecnolóxico-dixital e, da súa man, tamén en divulgación histórica e literaria. Precisamente foron as súas reportaxes publicadas na nosa revista (cinco artigos da súa autoría) as que motivaron en boa medida a concesión do dito recoñecemento.

O xurado, presidido polo edil de Cultura do Concello da Estrada, Juan Manuel Constenla Carbón, estivo integrado por Victoria Reimóndez Sanmartín, María del Carmen Vieitez Conde, Enrique Otero Fernández e Juan Andrés Fernández Castro, exercendo como secretario, José Manuel Bouzas Blanco. Todos eles coincidiron á hora de salientar a calidade dos artigos e máis a súa "unidade temática e frescura", así como "a particular visión que nos ofrece de aspectos pouco coñecidos de catro grandes escritores galegos: Vicente Risco, Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández Flórez e Rosalía de Castro". ■

videoxogos

PlayStation 4 | Nintendo Switch | Xbox One | PC

FIFA 20

Chega ás tendas

O que para moitos é a compra obrigada do anoxa está aquí: chega a Xbox One, PlayStation 4 e PC o novo *EA Sports FIFA 20*, que no caso de Nintendo Switch limítase a unha Edición Legacy, ou sexa, sen novidades máis aló da actualización dos datos dos xogadores.

Esta nova entrega de *FIFA* recibe numerosas melloras no ámbito do xogo, o *FIFA Ultimate Team* agrega novas opcións, con Football Inteligence acada novas cotas de realismo... pero o detalle que está a captar maior atención é a estrea de *EA Sports VOLTA*, un novo modo de xogo que recupera os partidos a escala urbana, ou sexa, que dentro do *FIFA* incorporaron o que na anterior xeración de consolas chamaba *FIFA Street*, e que conseguira certo éxito durante 4 edicións.

VOLTA non será un simple modo de xogo básico, senón que contará con grandes niveis de personalización, competicións en liña e a posibilidade de xogar en distintas variacións de xogo, que van dende un 3 contra 3 sen porteiro até coas normas do fútbol sala, de aí que non serán poucos os que queiran dar unha oportunidade a este modo de xogo.

IOS | Android

MARIO KART TOUR

Chega a móbiles con iOS e Android

Mario Kart Tour está dispoñible para a súa descarga a través da App Store e da tenda de aplicacións de Google Play, e podemos dicir que é realidade o primeiro *Mario Kart* para móbiles.

Os cambios do xogo fronte ás versións de consola son evidentes, xa que temos unha pantalla orientada en vertical (cando nos últimos anos o título de Nintendo apostara por unha disposición panorámica en horizontal), un sistema de control moi básico (en vez de botóns físicos controlamos ao noso personaxe con xestos en pantalla, de xeito que podemos desprazarnos lateralmente e utilizar obxectos, pero a aceleración é automática), numerosos circuítos que resultarán familiares para os incondicionais da franquía, e unha mecánicas de xogo que buscan levar ao xogador a pasar por caixa con certa periodicidade, sorprendendo o feito de que estreasen un modelo de subscrición.

En *Mario Kart Tour*, aínda que existen moitos xeitos de realizar micropagamentos por valor de entre 2,29 e 74,99 euros, temos a posibilidade de subscribirnos ao pase *dourado*, que por 5,49 euros/mes permitiranos obter premios *dourados* nas tempadas, conseguir as insignias dos desafíos dourados e desbloquear as carreiras da categoría de 200 cc.

O xogo permítenos ir desbloqueando circuítos e participar en numerosos torneos, equiparnos con distintos pilotos e vehículos, participar en desafíos que porán a proba a nosa técnica de condución e poderemos competir contra xogadores de todo o mundo. E aínda que esteamos ante un título móbil moi completo, carece da profundidade das versións de consola, de xeito que ambas poderán convivir a longo prazo.

videoxogos

PlayStation 4 | Xbox One | Nintendo Switch | PC

ASSASSIN'S CREED ODYSSEY

Estrea modo educativo

Durante anos comentábase o bo que era para estudantes xogar á saga *Assassin's Creed* como un xeito de coñecer recantos da antigüidade, o que en *Assassin's Creed Origins* traduciuse nun modo educativo que facilitaba descubrir detalles do Antigo Exipto, e agora *Assassin's Creed Odyssey* recibe o mesmo tratamento e estréase *Discovery Tour: Ancient Greece*.

A nova creación de Ubisoft permítenos pasear polas rúas de Atenas, explorar a vida diaria dos seus habitantes e falar de política con Sócrates e Pericles. Poderemos explorar esta meticulosa creación da Antiga Grecia coma se fose un museo vivo, sen os conflitos e limitacións do xogo, centrándose na exploración e o coñecemento.

Este novo *Discovery Tour* inclúe 30 visitas con audio-guía, permite explorar a Antiga Grecia de xeito libre ou mediante visitas seleccionadas, e pode gozarse de balde por parte de calquera usuarios de *Assassin's Creed Odyssey* ou mercarse por separado para PC a través de Uplay (cun prezo de lanzamento de só 5 euros), sendo esta última opción a ideal para centros de ensino.

PlayStation 4 | Nintendo Switch | Xbox One | Android | iOS | PC

NBA 2K20

Á venda

Xa está dispoñible en tendas o grande referente na simulación deportiva, o *NBA 2K20*, que con versións para Xbox One, PlayStation 4, Nintendo Switch e PC, que volve situarse na cima do seu xénero con mellores gráficos, mecánicas máis realistas, modos de xogo innovadoras e un control e personalización do xogador sen igual. Tamén conta co contorno aberto *El Barrio*.

O xogo chega ao mercado nunha edición estándar e tamén nunha edición de luxo (incluíndo numerosos contidos dixitais adicionais) e noutra de lenda (con aínda máis contidos adicionais, e dedicada ao xogador Dwyane Wade). As edicións estándar e de luxo están dedicadas ao xogador Anthony Davis.

Cómpre salientar que en *NBA 2K20* estarán presentes por primeira vez os 12 equipos da WNBA e máis de 140 xogadoras, incluíndo animacións, estilos de xogo e gráficos deseñados en exclusiva para os partidos femininos. Tamén será posible xogar con máis de 10 novos equipos de lenda do pasado (que superan xa o cento), como os Portalnd Trail Blazers de 2009-2010, os Cleveland Cavaliers de 2015-2016 ou os Phoenix Suns de 2002-2003.

Os iPhone 11 terán maior autonomía e mellores cámaras

O agardado iPhone 11 é un smartphone con pantalla de 6,1 polgadas (cunha resolución de 326 puntos por polgada), resistencia IP68, Face ID mellorado (un 30% máis rápido e con maiores ángulos e distancias de funcionamento), son espacial e, principalmente, un novo sistema de cámara traseira dual que combina un sensor grande angular de 12 Mpíxeles con outro ultra grande angular tamén de 12 Mpíxeles, buscando así conseguir mellores fotografías. A nivel de software integra o agardado modo Noite (moi frecuente nos móbiles Android de alta gama), melloras no modo Retrato (que agora tamén pode aplicarse a mascotas e incluso permite controlar a iluminación para tomar elegantes fotografías en branco e negro nas que se elimina o fondo) e un HDR Intelixente de última xeración (que consegue detectar a persoas para tratalas de distinto xeito que o resto de detalles dunha imaxe).

A nivel de vídeo podemos salientar que agora a cámara frontal permite gravar vídeo a cámara lenta (120 imaxes por segundo) e que as cámaras traseiras poden filmar en 4K a 60 imaxes por segundo, contando tamén con zoom de audio.

Para os usuarios máis esixentes temos os iPhone 11 Pro e iPhone 11 Pro Max, e aínda que as súas pantallas Super Retina XDR de 5,8 e 6,5 polgadas son elementos claramente diferenciadores, o grande argumento de compra destes smartphones é a súa cámara traseira tripla, que mellora ás do iPhone 11 por incorporar tamén un teleobxectivo de 12 Mpíxeles.

Ao igual que acontecía coa anterior xeración, os novos modelos de iPhone de alta gama optan por pantallas OLED de grande calidade (fronte a tecnoloxía IPS do modelo *económico*), cunha resolución de 458 píxeles por polgada e HDR, de xeito que temos unha imaxes moito máis vivas e realistas. O material da carcasa tamén pasa do aluminio ao aceiro inoxidable. No que respecta á xeración anterior tamén teriamos un incremento de autonomía de até 4 horas para o iPhone 11 Pro e de até 5 horas de autonomía para o iPhone 11 Pro Max, corrixindo así o feito de que o modelo económico tivese.

Huawei presenta os novos Mate 30 e Mate 30 Pro baixo a sombra do bloqueo estadounidense

A presentación dos novos smartphones de Huawei chegou con grande expectación, non polo interese polo novo hardware, senón pola curiosidade do público por saber como atallarían o bloqueo estadounidense aínda en vigor. que podería supor o seu rotundo fracaso en Europa.

O teléfono máis modesto sería o Huawei Mate 30, cunha pantalla OLED Full HD+ de 6,62 polgadas, procesador Kirin 990, 8 GB de RAM, 128 GB de almacenamento interno (ampliable mediante tarxetas de até 256 GB), cámara traseira tripla de 40, 16 e 8 Mpíxeles, cámara frontal de 24 Mpíxeles, batería de 4.200 mAh con carga rápida de 40 watts por cable e 27 watts por indución (e coa posibilidade de ofrecer carga sen fíos inversa), Wi-Fi 5, Bluetooth 5.1, toma de auriculares, NFC, lector de pegadas en pantalla, sensor de xestos e un prezo de venda de 799 euros.

Máis completo sería o Huawei Mate 30 Pro, con pantalla OLED Full HD+ de 6,53 polgadas, procesador Kirin 990, 8 GB de RAM, 256 GB de almacenamento interno (ampliable mediante tarxetas de até 256 GB), cámara traseira cuádrupla (con sensor grande angular e ultra grande angular de 40 Mpíxeles, telefoto de 8 Mpíxeles e un sensor de profundidade), cámara frontal de 32 Mpíxeles, batería de 4.500 mAh con carga rápida de 40 watts por cable e 27 watts mediante indución (que pode aproveitarse para cargar outros dispositivos), Wi-Fi 5, Bluetooth 5.1, NFC, lector de pegadas en pantalla, sensor de xestos, resistencia IP68, e un prezo 1.099 euros (o modelo con 5G custaría 100 euros máis). Curiosamente este modelo prescinde do porto para auriculares.

Vodafone comercializa un novo dispositivo localizador de pequeno tamaño

Para facilitar a localización do que consideremos importante, Vodafone está a comercializar o dispositivo TrackiSafe Mini, que cun tamaño de 3,9 x 3,9 x 1,2 centímetros e un peso de 20 gramos integra unha tarxeta V-Sim e unha batería con autonomía para 3 días, que pode facilitar o seu posicionamento valéndose de GPS, a rede móbil e as redes Wi-Fi.

Este produto válese do servizo V-Multi Tracker by Vodafone, que ten un custo mensual de 2 euros, e non só facilita a localización nun momento concreto, senón que tamén pode empregarse para disparar avisos que poidan advertir, por exemplo, se un obxecto se distanciou demasiado do noso smartphone (o que serviría para evitar que esquezamos a mochila ou as chaves), para alertar se un obxecto se moveu cando non debería (por exemplo, se a motocicleta deixou ao garaxe) e incluso ten botón de S.O.S., que envía unha alerta ao móbil ou un correo electrónica indicando as coordenadas onde se atopa o dispositivo.

Este localizador ten un prezo oficial de 39,90 euros, pero en promoción pode conseguirse por 19,95 euros.

Amazon presenta novos produtos da familia Echo

Amazon presentou toda unha serie de novos dispositivos da familia Echo, facendo que a capacidade de elección do consumidor á hora de querer introducir altofalantes con Alexa no seu fogar sexa cada vez maior. Temos así un novo altofalante Echo (de 3ª xeración), cun deseño actualizado (con acabado de tea) e mellor calidade de son por 99,99 euros; tamén temos un novo Echo dot (de 3ª xeración) á venda por 59,99 euros, e que por 10 euros máis inclúe pantalla LED coa hora, a temperatura exterior, temporizadores e alarmas (polo que aspiraría a ser un accesorio ideal para dormitorios); como solución versátil temos o Echo Flex, que ten un tamaño compacto e integra enchufe de xeito que pode colocarse directamente na toma de corrente na parede, e que custa só 29,99 euros, polo que sería a opción máis cómoda e barata para *conectar* unha estancia; e, finalmente, o Echo Studio, que busca ofrecer reprodución musical de alta fidelidade, adáptase ao contorno e, en definitiva, sería a alternativa económica (custa 199,99 euros) ao HomePod de Apple, aínda que sobra dicir que esta solución é moito máis versátil (entre outras cousas, porque é compatible con Apple Music, Amazon Music, Spotify e outros servizos musicais).

O Mi 9 Lite conta con pantalla AMOLED e NFC

A mediados de setembro chegou ao mercado español un novo smartphone de Xiaomi moi atractivo, polo seu grande equilibrio entre prestacións e prezo axustado, o Mi 9 Lite, que leva por bandeira unha cámara traseira tripla de 48 Mpíxeles e unha cámara frontal de 32 Mpíxeles agochada nunha pequena pestana superior a súa pantalla AMOLED Full HD+ de 6,39 polgadas, así como lector de pegadas dixitais en pantalla, procesador Qualcomm Snapdragon 710, batería de 4.030 mAh con carga rápida a 18 watts e incluso NFC multifunción (para poder realizar pagamentos co móbil), que venderase a 319 euros con 6 GB de RAM e 64 GB de almacenamento e a 349 euros con 128 GB de almacenamento.

Este smartphone pode presumir dunha autonomía próxima aos 2 días de uso normal, cámara traseira que tira proveito da intelixencia artificial para conseguir instantáneas de calidade, boas fotografías nocturnas a man alzada, *selfies* de alta definición con detalles vívidos, filtros de ceo preinstalados no álbum de fotos, infravermellos para poder empregar o móbil como mando a distancia do televisor e toma de auriculares. Un móbil moi completo, que sen chegar a ser de gama alta, ofrece unhas prestacións moi semellantes.

O iPad básico medra até as 10,2 polgadasbloqueo estadounidense

A grande sorpresa da presentación de Apple de setembro foi a introdución dun novo iPad de 7ª xeración, produto que non se esperaba que vese a luz até outubro, e que finalmente temos aquí cunha nova pantalla Retina de 10,2 polgadas, soporte para Apple Pencil, procesador A10 Fusion e un prezo que parte dos 379 euros. O modelo con Wi-Fi e 32 GB de capacidade será o que custe 379 euros, mentres que o modelo con 128 GB venderase a 479 euros, incrementándose o prezo en 140 euros nos modelos con conectividade móbil.

Temos así que o principal cambio deste novo iPad é o incremento do seu tamaño de pantalla até as 10,2 polgadas e o soporte para Smart Keyboard, ou sexa, que temos un equipo máis orientado á produtividade e á multi-tarefa, ao que tamén contribúe o novo iPadOS. Un detalle que tamén axuda é o soporte de unidades USB externas a través da aplicación de xestión de ficheiros.

Os novos iPad teñen un peso de 483 gramos e unha autonomía dunhas 10 horas, polo que estamos ante produtos moi atractivos, que neste modelo en concreto destaca pola contención do seu prezo sen prescindir de moitas das posibilidades que até hai pouco reservábanse para os iPad Pro.

Historias tecnolóxicas para ver e contar

Coruña Dixital encara o outono cunha manchea de actividades TIC de divulgación

A iniciativa Coruña Dixital (https://corunadixital.gal/), programa de accións de divulgación e impulso TIC posto en marcha polo Concello, retomou este outono a súa liña de actividade, que promete ser especialmente intensa esta tempada, amais de particularmente técnica e divulgativa. O programa, concibido por Coruña Dixital en colaboración coa ampla comunidade de colectivos tecnolóxicos da cidade, inclúe entre outras cousas unha nova edición (a comezos de 2020) do #LAIC, o Laboratorio Audiovisual de Innovación e Creación, un máis que relevante espazo de traballo sobre Internet, narrativas populares, creatividade ou humor viral na Rede (estas foron algunhas das temáticas tratadas en profundidade nas anteriores edicións do laboratorio).

- A curto prazo, logo da celebración na FIC da primeira edición de AtlánticaConf (un evento creado de maneira conxunta por varias comunidades técnicas e no que colabora Coruña Dixital), celébrase o congreso TechLing (do 9 ao 11 de outubro na Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC), que, como se indica no seu nome, abriranos unha xanela ás principais novidades do momento en materia de tecnoloxías e ensino de linguas.
- Por outra banda, o 9 de novembro a Domus vai acoller a oitava edición da Feira das Tecnoloxías Libres OSHWDem, que organiza a asociación local Bricolabs. Trátase dun encontro *maker* e argalleiro aberto a todos os públicos, cunha morea de proxectos tecnolóxicos para mostrar (que o ano pasado superaron o centenar) e moitos robots en competición. Segundo lembra a organización, a OSHWDem é un evento de tecnoloxía único que se caracteriza polo ambiente de confraternidade e de proximidade que se crea en cada edición, aplicábel non só á zona de demostración senón ao amplo programa de obradoiros libres que inclúe o evento.
- Amais, Coruña Dixital impulsa para os centros escolares a iniciativa A Coruña Educa, unha ampla oferta municipal de propostas orientadas a dotar ao alumnado de ferramentas e estratexias no eido dixital. Inclúense cursos sobre as vantaxes e riscos de Internet *(O imperio da nube e o avatar oculto, para alumnado de quinto de Primaria)*, sobre adiccións tecnolóxicas e xeitos de previr o ciberacoso, sobre metodoloxías para fomentar usos e estratexias responsábeis na Rede, sobre compras seguras, sobre publicidade e consumo dixital ou sobre o emprego construtivo e educativo do videoxogo, entre outras moitas cuestións.
- A maiores, a asociación TADEGA celebra un congreso adicado á educación e á atención á diversidade, con presenza tecnolóxica nos obradoiros que ofrece aos seus participantes. A inscrición está aberta e ten desconto ata o 30 de outubro. ■

As bibliotecas da Coruña poñen o foco nas TIC

As Bibliotecas Municipais da Coruña van poñer o foco este outono na formación tecnolóxica, mostrando como tirar o mellor partido posíbel das novas ferramentas dixitais. Estamos a falar de varios servizos de balde e actividades formativas entre os que se atopa o servizo de Atención Tecnolóxica Personalizada, activo xa en varias bibliotecas da cidade. Consiste, en liñas xerais, na presenza dunha persoa experta que axuda a resolver dúbidas puntuais: desde a configuración dun teléfono ata cuestións relacionadas co manexo de redes ou a seguridade dixital. Segundo informan dende Coruña Dixital, non é preciso pedir cita previa e, no caso de ser necesaria para resolver os problemas tecnolóxicos das usuarias e usuarios, é posíbel solicitar unha segunda cita.

Ademais desta atención personalizada, todas as bibliotecas da cidade ofrecen un servizo de Wi-Fi de balde a través dos equipos informáticos dos usuarios ou nos ordenadores do centro, que poden empregarse unha hora ao día. Estes equipos poden reservarse de maneira telemática, seguindo as instrucións que se detallan na web das bibliotecas.

A maiores do devandito, a rede municipal de bibliotecas ofrece varios cursos en diferentes centros da cidade:

- Configuración do teléfono móbil. Aprendizaxe a un nivel básico nos centros Rosales, Ágora e Fórum Metropolitano.
- Iniciación á informática, Internet e correo electrónico. Aprendizaxe a un nivel básico para o manexo destas ferramentas dixitais.

unha cuestión de peso

kin

este **samsung galaxy A20e** sáeche por

0 €

contratando **10 GB extra / mes** x **6 € /mes**



kon

este **samsung galaxy A70** sáeche por

0 €

contratando **20 GB extra / mes** x **12 € /mes**



R.gal | **1445** | **tendas R**

oferta exclusiva para clientes de fixo de R que contraten un bono de datos xunto cun smartphone na modalidade de pago en 24 cotas e manteñan os produtos contratados actualmente • oferta válida dende o 01/10/19 ata o 15/11/19 ou fin de existencias (10.000 unidades) • desfrutarás dun desconto de 5 €/mes na cota mensual do bono de datos durante 24 meses se contratas o bono de 10 GB extra (prezo do bono 10 GB: 6€/mes) xunto cun smartphone de cota de 5€ ou superior; tamén tes a opción de gozar dun desconto de 11 €/mes durante 24 meses se contratas o bono de 20 GB extra (prezo do bono 20 GB: 12€/mes) xunto cun smartphone de cota 11€ ou superior • IVE incluído nos prezos • os bonos de 10 GB e 20 GB inclúen 10 GB e 20 GB de datos nacional e roaming UE respectivamente • esta promoción leva asociado un compromiso de permanencia no servizo de telefonía fixa de 24 meses; se te dás de baixa antes dos 24 meses e contratache o bono de 10 GB terás unha penalización por baixa anticipada 120 € (sen IVE); en cambio, se contratache o bono de 20 GB o cargo ascenderá a 240 € (sen IVE) • ambas as dúas penalizacións son prorrateables segundo o tempo restante de permanencia, así como as cotas pendentes de pago do terminal • máximo 1 terminal promocionado por cliente • canon dixital non incluído (1,33 €) • máis Info en https://respuestas.mundo-r.com/respuestas/gl/factura/canon_dixital • oferta suxeita a política de fraude; máis info en tarifas.mundo-R.com • anunciante R Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U., Real 85, A Coruña (A 15474281)

Accelerating next

Hewlett Packard Enterprise

CONQUISTA LA NUBE

Transforma tu negocio
con la experiencia de HPE
en la nube híbrida.

HYBRID CLOUD EXPERTS

hpe.com/es/es/solutions/cloud